


# AX·G

AFONSO X e GALICIA

Antoni Rossell



**EDITA**

Consello da Cultura Galega

**AUTOR**

Antoni Rossell

**TEXTO SOBRE INSTRUMENTOS MUSICAIS MEDIEVAIS**

Luciano Pérez Díaz (CENTRAD, Deputación de Lugo)

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Ekinocio

**FOTOGRAFÍAS**

Francisco Vila Barros  
Teresa Navarro Quinteiro

**REVISIÓN LINGÜÍSTICA**

Begoña Tajés Marcote  
Cristina Río López

**TRADUCCIÓN AO INGLÉS**

Gary Smith

**TRADUCCIÓN AO GALEGO E AO ESPAÑOL**

Cristina Río López

**VERSIÓN AO GALEGO MODERNO E TRADUCCIÓN AO ESPAÑOL DOS TEXTOS DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA**

M<sup>a</sup> Jesús Lama López

**IMAXES**

Arcebispado de Santiago de Compostela: 85, 89  
Biblioteca Nacional de España: 8, 17, 18, 21, 23, 25, 26  
Bispado de Lugo: 16, 26, 88, 89, 90, 91, 92, 93  
Bispado de Ourense: 53, 100  
Bispado de Tui-Vigo: 103  
Bispado de Mondoñedo-Ferrol: 77  
Museo da Catedral de San Martiño de Ourense: 33, 34, 69, 72, 94, 95, 96, 97, 98, 99  
Museo da Catedral de Santiago de Compostela: 13, 15, 79, 80, 81, 82, 83, 84  
Convento de Santa Clara de Allariz: 7  
Convento de Santa Clara de Santiago de Compostela: 86  
Convento das Mercedarias Descalzas de Santiago de Compostela: 86  
Convento de San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela): 83  
Deputación de Lugo (CENTRAD): 32, 36, 37, 38  
Deputación Ourense (Obradoiro-Escuela de Instrumentos Musicais): 33, 34, 35  
Mosteiro de Santa María a Real de Oseira: 73, 101  
Museo das Mariñas (Betanzos): 87  
Museo das Peregrinacións e de Santiago: 84  
Museo Provincial de Pontevedra: 20, 102  
Patrimonio Nacional: portada, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 22, 28, 29, 30, 31, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 54, 55, 56, 57, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 67, 68, 70, 71, 73, 74, 75, 76  
Pau Orriols: 39

DOI: 10.17075/axg.2021



DEPUTACIÓN  
OURENSE



XUNTA  
DE GALICIA

**CRÉDITOS DA EXPOSICIÓN****ORGANIZA**

Consello da Cultura Galega

**COLABORAN**

Deputación de Ourense  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade,  
Xunta de Galicia

**COMISARIO**

Antoni Rossell

**DESEÑO**

Roger Badia Rafart

**COMITÉ ASESOR****PRESIDENTA**

Rosario Álvarez

**COORDINACIÓN**

Dolores Vilavedra

**MEMBROS**

Antoni Rossell  
Roger Badia Rafart  
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández  
Coa colaboración de José Miguel Andrade  
Cernadas

**XERENCIA**

Marcelino X. Fernández Santiago

**COLABORACIÓN INSTRUMENTOS MUSICAIS**

Luciano Pérez Díaz (CENTRAD, Deputación de Lugo)

**DOCUMENTALISTAS**

Anxos Sumai García  
M<sup>a</sup> José Moldes Pose

**FOTOGRAFÍA**

Francisco Vila Barros  
Teresa Navarro Quinteiro

**COMUNICACIÓN**

Manuel Gago Mariño  
Cristina Mourinho Cabaleiro

**REVISIÓN LINGÜÍSTICA**

Begoña Tajés Marcote  
Cristina Río López

**TRADUCCIÓN AO INGLÉS**

Gary Smith

**TRADUCCIÓN AO GALEGO E AO ESPAÑOL**

Cristina Río López

**WEB**

Miguel Alonso Fachado

**GRÁFICA DE SALA**

Ekinocio

**TIPOGRAFÍAS**

Atlántica Serif (M. Dopico) / Geomanist (atipo foundry)

**IMPRESIÓN DO MATERIAL GRÁFICO**

axeitos &Co

**MONTAXE**

Escenoset

**EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL**

Tesec

**AUDIOVISUAL**

Produción e dirección: Nós TV  
Colaboración: OlloVivo

**COA PARTICIPACIÓN DE:**

Helena de Carlos Villamarín  
Eduardo Cebreiros Álvarez  
Elvira Fidalgo Francisco  
Henrique Monteagudo  
Carlos Núñez  
Francisco Prado-Vilar

**SEGUROS**

Bilbao

**INSTRUMENTOS MUSICAIS**

Colección de Instrumentos Musicais, Obxectos Sonoros e Arquivo Documental, CENTRAD, Deputación de Lugo: cítola, viola de brazo e arpa  
Obradoiro de Instrumentos Musicais, Deputación de Ourense: organistro, rota e zanfona  
Pau Orriols i Ramon, *luthier* (Vilanova i la Geltrú): frauta e tambor

**MÚSICA**

*Galicia e as Cantigas de Santa María*, Antoni Rossell e G. Courtly Music Consort, editado polo Consello da Cultura Galega, 2006. (Reeditado por Columna Música, 2017, Premio Enderrock ao mellor CD de música clásica)

**DESEÑO 3D**

Virxe abrideira de Allariz. Deseño en 3D de Patricia Mañana Borrazás e Alejandro Güimil Fariña para a exposición *Galicia 100: obxectos para contar unha cultura*, Consello da Cultura Galega, 2017

**AGRADECIMENTOS**

Universidade de Santiago de Compostela  
Patrimonio Nacional  
José Luis del Valle Merino, director da Real Biblioteca do Mosteiro de San Lourenzo do Escorial  
Biblioteca Nacional de España  
Julián Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela  
SAMI Catedral de Santiago de Compostela:  
- Pazo de Xelmírez  
- Arquivo da Catedral  
- Museo da Catedral  
Arcebispado de Santiago de Compostela:  
- Arquivo Histórico Diocesano  
- Delegación Diocesana de Arte Sacra  
- Parroquia de Santa Salomé  
- Parroquia de Santiago do Deán (A Pobra do Caramiñal)  
Arquivo do Reino de Galicia  
Biblioteca Xeral da USC  
Convento de Santa Clara, Santiago de Compostela  
Convento das Mercedarias Descalzas, Santiago de Compostela  
Convento de San Paio de Antealtares, Santiago de Compostela  
Museo das Peregrinacións e de Santiago, Santiago de Compostela  
Museo das Mariñas, Betanzos  
Bispado de Lugo, Delegación Episcopal de Patrimonio Histórico-Artístico  
Bispado de Mondoñedo-Ferrol  
Bispado de Ourense  
Museo da Catedral de San Martiño de Ourense  
Convento de Santa Clara de Allariz  
Mosteiro de Santa María a Real de Oseira  
Concello de Melón  
Bispado de Tui-Vigo:  
- Delegación Diocesana de Patrimonio Cultural  
- Museo Diocesano de Tui  
Museo Provincial de Pontevedra  
Miguel Ángel Borrego Soto

# ÍNDICE

Prema para visitar as partes

## I AFONSO X E GALICIA

## II AFONSO X EN PRIMEIRA PERSOA

## IX GALICIA E O PATRIMONIO CULTURAL AFONSINO

## VII GALICIA E AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

- 47 CSM 100 SANTA MARIA, STRELA...
- 49 CSM 77 DA QUE DEUS MAMOU...
- 51 CSM 26 MUI GRAN RAZON É...
- 54 CSM 103 QUENA VIRGEN BEN...
- 56 CSM 184 A MADRE DE DEUS...
- 58 CSM 304 AQUELA EN QUE DEUS...
- 59 CSM 352 FREMOSOS MIRAGRES...
- 60 CSM 104 NUNCA JA POD' AA...
- 62 CSM 175 POR DEREITO TEN A...
- 64 CSM 22 MUI GRAN PODER Á...
- 66 CSM 317 MAL SS' Á END' ACHAR...
- 67 CSM 94 DE VERGONNA NOS...

## VI CONVERSAS SOBRE O SABIO

- 41 HENRIQUE MONTEAGUDO
- 42 HELENA DE CARLOS
- 43 EDUARDO CEBREIROS
- 44 CARLOS NÚÑEZ
- 45 ELVIRA FIDALGO
- 46 FRANCISCO PRADO

## III POSTERIDADE E NOTORIEDADE

- 9 VIDA E BIOGRAFÍA
- 12 O PALACIO E A CORTE
- 13 UN REINADO EN  
ÉPOCA DE CRISE
- 15 O DEREITO COMO  
FERRAMENTA POLÍTICA
- 18 POLÍTICA E CULTURA:  
UN OBXECTIVO COMÚN

## VIII AFONSO X, A SOCIEDADE MEDIEVAL E A VIDA COTIÁ

- 70 AS CANTIGAS: GALEGUIDADE,  
PLURICULTURALIDADE E  
INTERNACIONALIDADE
- 71 O MONARCA
- 76 MISCELÁNEA DE TEMAS  
TRATADOS NAS CANTIGAS

## V GALICIA: MÚSICA MEDIEVAL E UNIVERSO SONORO

- 28 A MÚSICA DAS CANTIGAS  
DE SANTA MARÍA
- 31 INSTRUMENTOS MUSICAIS

## IV O SCRIPTORIUM AFONSINO

- 19 A LINGUA GALEGA,  
LINGUA LÍRICA DO MONARCA
- 20 A LITERATURA GALEGA  
MEDIEVAL E AFONSO X
- 22 O PATRIMONIO LÍRICO  
GALEGO DE AFONSO X
- 23 A PROMOCIÓN DA  
TRADUCIÓN
- 24 OBRAS E TRADUCIÓNS DO  
SCRIPTORIUM AFONSINO

# AFONSO X E GALICIA

## CONMEMORACIÓN

No 2021, ano xacobeo, celebramos o 800 aniversario do nacemento de Afonso X (Toledo, 23 de novembro de 1221-Sevilla, 4 de abril de 1284), rei de Castela, León e Galicia (1252-1284). Coincidindo coa efeméride, o Consello da Cultura Galega presenta a exposición *Afonso X e Galicia*. A relación do Rei Sabio coa nosa terra está longamente documentada, xa sexa desde a súa infancia, xa con respecto aos contenciosos que mantivo co cabido compostelán ou no relativo ás súas relacións literarias e persoais con trovadores galegos da súa época. O monarca escolleu a lingua galega para a redacción das *Cantigas de Santa María*, un dos monumentos medievais máis importantes da lingua e da cultura galegas, así como da literatura e da música medievais europeas. A obra científica, xurídica, histórica e cultural afonsina foi clave para a estratexia internacional do seu proxecto político, o denominado *fecho del Imperio*, e para a súa relación co papado. Os testemuños literarios do corpus mariano afonsino referidos a Galicia e á peregrinaxe compostelá son un documento inescusable para coñecer o pasado medieval galego, para a súa historia e para a súa cultura.

O obxectivo da exposición é presentar a figura real de Afonso X de maneira obxectiva: os seus avatares políticos, o seu labor científico, literario e cultural e a súa relación con Galicia. A nosa proposta é unha peregrinaxe múltiple: un percorrido pola vida do monarca, pola súa obra e pola época afonsina en Galicia a partir de documentos e de testemuños arqueolóxicos, literarios e musicais. Conta cun especial protagonismo o corpus mariano do Rei Sabio, as *Cantigas de Santa María*, como manifestación visual e sonora da Idade Media galega e europea e como testemuño do patrimonio lingüístico da lingua galega e a súa importancia no mundo románico medieval. A nosa proposta pretende, ademais, xerar un itinerario tanto intelectual como tanxible polas catro provincias galegas da man dos testemuños da época afonsina conservados en Galicia ata os nosos días e expostos na mostra *Afonso X e Galicia*.



Afonso X, *Cantigas de Santa María*, Códice Rico, Real Biblioteca do Mosteiro do Escorial (RBME) | S. XIII





## O COMISARIO

Antoni Rossell é un especialista en estudos comparados de literatura e música. Actualmente é profesor da Universitat Autònoma de Barcelona e ten unha ampla experiencia como director e membro de numerosas entidades relacionadas coa cultura medieval, como son o Arxiu Occità (Institut d'Estudis Medievals, UAB), o Centre d'Estudis Trobadorescos. Forma parte do Institut de Estudis Medievals da UAB e é membro asociado do Centre Inter-universitaire d'Histoire et d'Archéologie Médiévales (ENS-Lyon). Entre as súas áreas de investigación tamén destaca a transmisión e circulación dos paradigmas culturais no Novo Mundo. É director da colección de libros electrónicos *Escrits i memòria*, da Biblioteca de Catalunya. Especialista e intérprete de música medieval e de música de tradición oral hispánica.



Fotomontaxe previa do deseño expositivo | Roger Badia Rafart

## O DESEÑO

Aínda que o deseño intelectual recae en Rossell, a exposición ten unha parte de posta en escena moi destacada que proxecta Roger Badia (Barcelona, 1992), arquitecto especializado en patrimonio e construcións efémeras. Formado entre a UPC-ETSAB de Barcelona e a ZHAW Architektur, en Winterthur, a súa experiencia desenvolveuse tanto en estudos de arquitectura nacionais e internacionais como en talleres de artistas locais. Actualmente colabora co Concello de Barcelona para a protección do patrimonio arquitectónico, ao tempo que participa en distintos proxectos expositivos e escenográficos.





## AFONSO X EN PRIMEIRA PERSOA



*O monarca que de tanto mirar  
as estrelas se esqueceu da terra*



De «vida azarosa» (que ten abondosos incidentes, riscos, contratempos ou dificultades) cualificaríamos a de Afonso X. A súa actividade política e familiar está inmersa nun devir de sucesos, mudanzas, problemas, mais sobre todo de ambicións: Afonso soña con ser un grande emperador, emperador de romanos, emperador xermano e emperador dos reinos hispanos. Para isto utiliza todos os resortes e instrumentos que ten ao seu alcance: a diplomacia, a política e a obra xurídica, o seu labor historiográfico, grandes recursos económicos, a súa influencia, a súa familia, pactos e alianzas... Non obstante, as súas pretensións políticas víronse abocadas ao fracaso polo enfrontamento que todo isto supuxo coa nobreza; co seu propio fillo e herdeiro, don Sancho, e cos seus súbditos. A súa estratexia co papado para que este o nomease sucesor ao trono imperial fracasou, e a súa estratexia de sucesión levouno á súa propia destitución polas cortes e polo seu fillo, nun final de vida marcado polas doenzas e polo desengano. De aí a *Fuga mundi*.

A monarquía afonsina caracterízase tanto polos seus logros en materia cultural e científica como polos seus fracasos no aspecto político e bélico, pero tamén no ámbito familiar. O apelativo «Sabio» élle merecido, e a frase de Juan de Mariana resume a opinión que do monarca se tiña logo da súa morte.

A súa obra intelectual, científica, xurídica, literaria e musical fixo do Rei Sabio un dos referentes culturais máis importantes da Idade Media hispánica e europea.

### *Dumque coelum considerat observatque astra, terram amisit.*

[Mentres estuda o ceo e contempla os  
astros, perdeu a terra.]  
Juan de Mariana, *Historiae de rebus  
Hispaniae libri XXX*



Virxe abrideira de Allariz. Deseño en 3D de Patricia Mañana Borrazás e Alejandro Güimil Fariña para a exposición *Galicia 100: obxectos para contar unha cultura*, Consello da Cultura Galega, 2017

Música: *Fuga mundi* de Afonso X:  
*Non me posso pagar tanto*  
Recitado: Henrique Monteagudo,  
Universidade de Santiago de Compostela

#### **Non me posso pagar tanto Fuga mundi de Afonso X**

Texto galego medieval

**I**  
Non me posso pagar tanto  
do canto  
das aves nen de seu son,  
nen d' amor nen de mixon  
nen d' armas – ca ei espanto,  
por quanto  
mui perigo[os]sas son,  
– come dun bon galeon,  
que mi alongue muit' aginha  
deste demo da campinha,  
u os alacrães son;  
ca dentro no corazón  
senti deles a espinha!

**II**  
E juro par Deus lo santo  
que manto  
non tragerei nen granhon,  
nen terrei d' amor razon  
nen d' armas, por que quebranto  
e chanto  
ven delas toda sazón;  
mais tragerei un dormon,  
e irei pela marinha  
vendend' azeit' e farinha;  
e fugirei do poçon  
do alacran, ca eu non  
lhi sei outra meezinha.

Tradución ao galego actual

**I**  
Non me pode agradar tanto  
o canto  
das aves nin o seu son,  
nin o amor, nin o esforzo,  
nin as armas –que me espantan  
porque  
moi perigosas son–,  
como un bo galeón  
que me afaste moi axiña  
deste demo de campinha  
onde están os alacrás;  
porque dentro no corazón  
xa sentín a súa espiña.

**II**  
E xuro por Deus santo  
que manto  
non traerei, nin barba,  
nin defenderei cuestións de amor  
nin de armas, porque quebranto  
e pranto  
vén delas sempre;  
pero traerei unha dorna  
e irei pola mariña  
vendendo aceite e fariña  
e fuxirei do veneno  
do alacrán, que eu non  
lle coñezo outra medicina.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. I, 61v) | S. XIII

### III

Nen de lançar a tavalado  
pagado  
non sōo, se Deus m' ampar,  
aquí, nen de bafordar;  
e andar de noute armado,  
sen grado  
o faço, e a roldar;  
ca mais me pago do mar  
que de seer cavaleiro;  
ca eu foi já marinheiro  
e quero-m' òi-mais guardar  
do alacran, e tornar  
ao que me foi primeiro.

### IV


E direi-vos un recado:  
pecado  
nunca me pod' enganar  
que me faça já falar  
en armas, ca non m' é dado  
(doado  
m' é de as eu razōar,  
pois-las non ei a probar);  
ante quer' andar sinlheiro  
e ir come mercadeiro  
algũa terra buscar,  
u me non possan culpar  
alacran negro nem veiro.

### III

Nin lanzarme ao estrado  
é do meu agrado,  
Deus me ampare,  
nin de exercitar as armas;  
e andar de noite armado,  
e andar de rolda  
fágoo de mala gana;  
que máis presumo do mar  
que de ser cabaleiro;  
que eu xa fun mariñeiro  
e quérome hoxe gardar  
máis do alacrán, e voltar  
ao que fun primeiro.

### IV

E direivos unha cousa asisada:  
o pecado  
non me pode enganar  
para facerme falar  
de armas, que non me está permitido  
(é doado  
para min razoar sobre elas,  
pois non as hei de probar);  
antes prefiro andar só  
e ir como comerciante  
buscar algunha terra  
onde non me poidan culpar  
alacrán negro nin pinto.



Afonso X, *Libros del saber de Astronomía, Manual de Astronomía y cómputo* (BNE, fol. 55v) | S. XIII

Nunha interpretación autobiográfica, o monarca confesa o seu desengano do mundo da corte e desexa fuxir dela para se facer comerciante. Este texto, titulado modernamente *Fuga mundi*, «Fuga do mundo», preséntanos un rei canso dos avatares e traizóns cortesáns que só anhela ser comerciante, traballo de gran descrédito na Idade Media para o sector aristocrático. A renuncia ao mundo da nobreza exemplifica a vida de desenganos e proxectos frustrados do monarca e o seu repudio da guerra e das intrigas políticas. A figura do alacrán, presente no retrouso, vincula o mundo terrestre e o universo astronómico e astrolóxico na imaxe do escorpión. Varias lecturas e interpretacións son posibles, a do animal velenoso e a súa antropomorfización e a do signo zodiacal. A vertente relixiosa e exemplar condúcenos aos atributos de Cristo. A interpretación literaria encádrase no contexto cortesán e da lírica convivial das *cantigas de escarnio e maldizer*, así como no marco da traizón e o engano. O mar, nesta composición, no seu sentido simbólico representa o principio e a fin.

At de Mons, *BdT* 309, 1, vv. 1248-1259

Texto orixinal

*Anfos per las vertutz de Dieu  
Endevenguts auguts  
Totstemp creisens  
Reis dels romas  
Reyens lo reine de Castela  
Toled e Compostela  
Sevilla e Leon  
Cordoa  
La regio de Murzia  
Yeyen, l'Algarad  
Reis apend  
Granada e Alamaria  
E l'altra Andaluzia.*

Tradución ao galego actual


Afonso, polas virtudes de Deus,  
convertido, feito e engrandecido sempre  
rei de romanos,  
reinando no reino de Castela,  
Toledo e Compostela,  
Sevilla e León,  
Córdoba,  
a rexión de Murcia,  
Xaén, Algarve,  
rei –practicamente xa–  
de Granada, Almería  
e o resto de Andalucía.




AUDIO

At de Mons  
*Anfos per las vertutz* [1:04]  
Recitado: Bieito Arias Freixedo,  
Universidade de Vigo





## POSTERIDADE E NOTORIEDADE




Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 61v) | S. XIII

A imaxe actual do monarca é positiva, pero non só polos seus logros intelectuais, culturais ou científicos, senón tamén —no ámbito político nacionalista español— pola proxección contemporánea da súa ideoloxía política monárquico-nacionalista. Afonso é o primeiro en formular un territorio ibérico unido en detrimento dos outros reinos peninsulares, dos privilexios da nobreza e das lexislacións tradicionais. Os seus esforzos de unificación xurídica responden a unha concentración do poder, menoscabando a autoridade dos nobres e das xurisdicións tradicionais. O proxecto político de Afonso —quizais innovador e moderno na súa época e denominado actualmente «feudalismo teolóxico»— vincula a autoridade do monarca coa vontade divina, relegando a aristocracia, o poder relixioso e os consellos locais.

Logo da súa morte e durante varios séculos, foi considerado máis intelectual que político e non foi ata o século XVII cando o marqués de Mondéjar (1628-1708) reivindicou a política do seu reinado nas *Memorias históricas del Rei D. Alonso el Sabio, i observaciones a su Chronica*. A primeiros do século XX, Antonio Ballesteros Beretta enzalza a figura do monarca, que máis tarde será defendida como o paradigma da España moderna.

*Conta unha lenda que, sendo nena dona Beatriz de Suabia, unha xitana exipcia lle predixo que casaría cun príncipe santo e de numerosas virtudes, e que daría a luz un infante infeliz que, ao final da súa vida, sería deposto do seu reino.*



## XENEALOXÍA E CONQUISTAS

Fillo de Fernando III (1217-1252) e Beatriz de Suabia (1205-1235). Da súa nai Afonso X herdou o dereito a reivindicar a coroa imperial, ao cal dedicou grandes esforzos políticos e diplomáticos e sumas de diñeiro, sen éxito ningún. Fernando III, alén de levar a cabo a reunificación de Castela e León, foi un monarca conquistador: campañas en Al-Ándalus e reconquista de Córdoba e Sevilla, mentres que Afonso, tras a morte do seu pai, loitou contra os musulmáns, ocupou Xerez (1253) e Cádiz (ca. 1262) e en 1264 tivo que combater a revolta dos mudéxares do val do Guadalquivir. Do seu pai, Fernando III, destácase a súa santidade, enfrontada, en textos medievais, aos pecados e erros de Afonso X e do seu fillo Sancho. A intención de Afonso de conectar a súa monarquía coa vontade divina nos textos legislativos parece unha resposta a sectores críticos do seu tempo.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. 1, 61v) | S. XIII

## INFANCIA DO MONARCA

Afonso foi encomendado para a súa crianza a Urraca Pérez como ama de leite («nutrici domni Alfonsi, primogeniti mei», Partida III) e posteriormente a súa educación confiase a García Fernández de Villamayor, mordomo da raíña dona Berenguela e casado en segundas nupcias con dona Mayor Arias, da familia dos Limia e con diferentes propiedades en terras galegas (Maceda e Allariz), con quen o infante Afonso puido pasar parte da súa infancia e familiarizarse coa lingua galega.

*... los hijos de los Reyes deuen auer átales amas que ayan leche assaz e sean bien acostumbradas e sanas e fermosas, e de buen linaje e de buenas costumbres, e señaladamente, que non sean muy sañudas.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 3, tit. VII)

Mas por que se non podien entender sin estas tres primeras que auemos dichas, pusieron los sabios a estas tres primero que aquellas quatro, se ayuntaron la razón e la sapiengia en uno, et es la razan el triuio e la sapiencia el quadruuio, et deste ayuntamiento diz que salio obra que se non puede desfazer nin perder numqua et que a siempre mester la razón a la sapiengia et la sapiengia a la razón, fascus el triuio al quadruuio e el quadruuio al triuio; et parece que muy mester es que el sabio, pora parescer e ser sabio, que sea muy bien razonado, e el bien razonado mester a otrossi de seer sabio, e que paresca que pone su razón con sapiengia et en aquello que el triuio a de fazer en la razón: la primera de todas las mercuriales ministras, que es la gramatica, faze el gimiento de toda razón, et esto es cuemo qui faze casa, como oyredes adelante por las razones destas otras sus hermanas, la diatetica alga las paredes en la razón, la rectorica pinta e affremosa toda la obra e pone le de suso muyfremosotecho pintado a estrellas.

Afonso X, *General Estoria* (G.E.I, VII, 19)

## EDUCACIÓN DO INFANTE

O proxecto cultural do Rei Sabio presupón unha educación baseada tanto no coñecemento da súa propia historia, territorio e tradicións xurídicas como nunha formación máis ampla fundamentada nos textos clericais (relixiosos e pagáns) medievais e de tradición clásica. O monarca dá conta da súa educación literaria e musical compoñendo el mesmo poesías e cancións. O seu interese pola tradución de obras de diferentes linguas testemuña a súa curiosidade e intelixencia. Tanto as obras que compón como as que promociona son un reflexo do pluralismo lingüístico medieval románico (latín, hebreo, árabe e as linguas románicas como o occitano, o francés antigo ou a mesma lingua galega).

Merece especial atención o interese do monarca polas sete artes liberais, fundamento da educación na Idade Media: o *trivium* (a gramática, a dialéctica e a retórica) e o *quadrivium* (a aritmética, a xeometría, a astronomía e a música).

*Castigos de Sancho IV* | Un *speculum principis* (espello de príncipes) atribuído en parte ao fillo de Afonso X (BNE, fol. 2r) | S. XIII



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. I, 61v) | S. XIII

## AFONSO X E A SÚA CONTORNA FEMININA. FILLOS E SUCESIÓN

O rei Afonso tivo varios fillos de diferentes relacións. Da súa tía María Afonso de León (filla ilexítima de Afonso IX de León e irmá de Fernando III, o pai de Afonso X), cando ela tiña 35 anos e Afonso 19, naceu Berenguela Afonso en 1240. De Mayor Guillén de Guzmán, dunha das familias de ricos-homes da corte de Fernando III, naceu Beatriz de Castela no ano 1242, cando Mayor tiña 37 anos e Afonso 21. Beatriz de Castela sería consorte do rei de Portugal Afonso III e nai do famoso rei e trovador don Dinís. Con Elvira Rodríguez de Villada en 1243 tivo un fillo, Afonso Fernández *o Neno*. En 1249 Afonso, con 28 anos, uns anos antes de ser proclamado rei en 1252, casou con Violante de Aragón, que tiña só 13. Despois dun período de incerteza sobre a fertilidade da súa muller —ata o punto de que pensou en repudiala e casar con Cristina de Noruega, filla do rei Haakon IV de Noruega—, naceu Berenguela no ano 1253. Unha vez demostrada a fecundidade de Violante, a princesa norueguesa foi dada en matrimonio ao infante Filipe de Castela, irmán de Afonso. O Rei Sabio tivo once fillos con Violante, pero o primoxénito, don Fernando de la Cerda, morreu antes de poder herdar a coroa, o que supuxo un cisma familiar que protagonizaron o fillo segundo, Sancho, que herdara o trono tras a morte de Afonso, e a muller do Rei Sabio, Violante, partidaria de que fosen os fillos de Fernando, os infantes de La Cerda, os que herdasen a coroa castelán-leonesa.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 5r) | S. XIII

*... oír cantares e sonas de instrumentos, e jugar axedrez o tablas e otros juegos semejantes destes. E esso mismo dezimos de las storias, e de los romanzes, e de los otros libros que fablan de aquellas cosas, de que los omes reciben alegría e placer.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 21, tít. IV)

## O PALACIO E A CORTE

Afonso tentou unha remodelación profunda da corte mediante unha remuda xeracional, nomeando os seus compañeiros de xuventude en cargos da chancelaría e da corte. Para isto instaura cargos novos con persoas do seu contorno e da súa enteira confianza. O monarca quere dignificar a corte e para tal fin redacta o *Libro del acedrex, dados e tablas*, no cal o xogo é símbolo de nobreza e prestixio social e enlace entre a cultura lúdica oriental e a occidental. A diferenza entre o palacio e a corte estriba no ambiente familiar e lúdico do primeiro, fronte ao carácter político e administrativo da corte. Co seu sucesor, o rei Sancho IV, a chancelaría volve á burocracia tradicional.

*... do es el Rey, e sus vasallos, e sus oficiales con él, que le han de aconsejar cotidianamente, e de servir, e de los omes del reyno, que se llegan y', o por honra dél, o por alcanzar derecho, o por fazerlo, o por recabdar las otras cosas que han de ver con él; mientras que Palacio es dicho cualquier lugar, do, el Rey, se yunta paladinamente para fablar con los omes.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 27 e 29, tít. XI)

## A CORTE LETRADA: INTELCTUAIS, CIENTÍFICOS E TROBADORES

Trobadores que compuxeron na lingua occitana e que tiveron contacto persoal e literario co monarca:

Bonifaci Calvo  
Bernat de Rovenac  
Guilhem de Montanhagol  
Arnaut Catalan  
Bertran d'Alamanon  
Paulet de Marselha  
N'At de Mons de Tolosa  
Folquet de Lunel  
Guiraut Riquier  
Cerverí de Girona  
...

Trobadores e xogares galegos, portugueses e casteláns:

|                          |                             |
|--------------------------|-----------------------------|
| Johan Garcia de Guilhade | Afonso Gomez de Sarria      |
| Pero Gomez Barroso       | Pedr'Amigo de Sevilha       |
| Gil Perez Conde          | Johan Airas                 |
| Gonçal'Eanes do Vinhal   | Afonso Fernandez Cebolhilha |
| Pero da Ponte            | Pero Goterrez               |
| Fernán Yañez de Batisela | Johan Garcia                |
| Men Rodríguez Tenorio    | Fernan Velho                |
| Fernán Suarez            | Pero Garcia Burgalès        |
| Johan de Aboim           | Johan Vasquiz de Talaveira  |
| Don Dinís                | Garcia Perez                |
| João Bolseiro            | Martin Moxa                 |
| Bernal de Bonaval        | ...                         |

De Italia hai que salientar a presenza do escritor e intelectual Brunetto Latini, que visitou a corte afonsina como integrante da embaixada que os florentinos enviaron a Afonso X solicitando a axuda do monarca no conflito cos xibelinos.

Esso Comune saggio  
ml fece suo messaggio  
all'alto re di Spagna,  
ch'or è re de la Magna  
e la corona atende,  
se Dio no l'il contende...  
E io presi campagna  
e andai in Ispagna  
e feci l'ambasciata  
che mi fue ordinata;  
e poi senza soggiorno  
ripresi mio ritorno,  
tanto che nel paese  
di terra navarrese,  
venendo per la calle  
del pian di Runcisvalle,  
incontri uno scolaio  
su 'n un muletto vaio,  
che venia da Bologna...  
Io lo pur dimandai  
novelle di Toscana  
in dolce lingua e piana;  
ed e' cortesemente  
mi disse immantenente  
che guelfi di Firenze  
per mala provedenza  
e per forza di guerra  
eran fuor de la terra,  
e 'l dannaggio era forte  
di pregioni e di morte.

Brunetto Latini, *Il Tesoretto*,  
123-128, 135-147, 152-162





Moeda de Afonso X | S. XIII  
Catedral de Santiago de Compostela (A Coruña)

## UN REINADO EN ÉPOCA DE CRISE

En 1252, Afonso X accede ao poder en plena madurez, aos 31 anos de idade, á morte do seu pai, Fernando III. Logo das campañas militares levadas a cabo por Fernando e os seus nobres, o reino padece unha profunda crise política e económica, o que impele a Afonso a adoptar medidas que a nobreza considera abusivas porque van en detrimento do seu poder e da súa riqueza. As mudanzas demográficas que xerou a repoboación dos territorios conquistados supuxeron un problema engadido á extenuación económica do reino e para a súa poboación.

## A REBELIÓN DA NOBREZA

Varios foron os motivos da rebelión dos nobres. En crónicas posteriores ao reinado de Afonso aducíanse a súa prepotencia, o seu autoritarismo e unha ambición que puña os seus intereses persoais (*o fecho del Imperio*) por diante dos do territorio e os seus habitantes. Non obstante, unha serie de acontecementos foron os detonantes da rebelión: a morte do infante don Fadrique, irmán de Afonso, por orde deste, así como a doutros nobres, o que provocou a fuxida dalgúns membros da nobreza do Reino de Castela, temerosos pola súa vida e seguridade; o quebrantamento do réxime xurídico dos nobres, o contencioso co cabido compostelán e as medidas fiscais (a moeda foreira), as peticións económicas extraordinarias e o aumento da presión fiscal.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. I, 52v) | S. XIII

## O TESTAMENTO REXIO DE AFONSO X

O testamento de Afonso X, promulgado o 8 de novembro de 1283, é un testamento político. O monarca leva a cabo unha reflexión ante os avatares do seu reinado e a crise política deste. O rei decreta que o seu corpo sexa soterrado na igrexa de Santa María a Real de Murcia ou en Sevilla, agás o seu corazón, que debía ser soterrado no monte Calvario da Terra Santa.

As *Cantigas de Santa María* debían depositarse na mesma igrexa na que o monarca fose enterrado, para que se cantasen as ditas cantigas nas festas de Santa María.

O corpo foi soterrado en Sevilla, o corazón foi trasladado a Murcia e as obras conserváronse fóra da sepultura do monarca.

*Et dixol mas: 'fijo, rico fincas de tierra et de muchos buenos vasallos, mas que rey en la cristiandat ssea; punna en fazer bien et ser bueno, ca bien as con que'. Et dixol mas: 'Ssennor te dexo de toda la tierra de la mar aca, que los moros del rey Rodrigo de Espanna ganado ouieron; et en tu sennorio finca toda: la vna conquerida, la otra tributada. Sy la en este estado en que te la yo dexo la sopieres guardar, eres tan buen rey como yo; et sy ganares por ti mas, eres mejor que yo; et si desto menguas, non eres tan bueno commo yo'.*

Afonso X, *Primera Crónica General* (PCG), II, cap. 1132





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. 1, 35v) | S. XIII

## FIN DO REINADO E SUCESIÓN

O fillo primoxénito do monarca, o infante Fernando de la Cerda, morrera en 1275 e o rei Afonso tentou sen éxito que a coroa pasase ao fillo maior do infante primoxénito, contrariamente ás pretensións do seu fillo segundo, Sancho. Entre abril de 1282 e primeiros de maio de 1284, un sector da nobreza, acudido por Sancho, rebelouse contra o monarca, co que chegou a causar un verdadeiro golpe de Estado e a impoñer a Sancho na sucesión ao trono. Esta rebelión e a incapacidade do rei para controlar a sucesión do infante de La Cerda provocarían un enfrontamento tanto coa súa dona, a raíña Violante de Aragón, que fuxiría cara á corte catalano-aragonesa buscando a protección de Pedro III o Grande, como coa coroa francesa, por pedimento de Branca de Francia, a viúva do infante Fernando de la Cerda. A destitución de Afonso X das funcións reais comportaba tamén a interrupción da facultade de administrar xustiza, a perda de potestade sobre fortalezas, vilas e cidades e a perda tamén das rendas dos reinos de León e Castela. O Rei Sabio morreu no ano 1284, tras un lamentable e aciago illamento en Sevilla. Sancho IV foi coroado en Toledo ese mesmo ano.

*Nos don Alfonso, fffijo del muy noble e bienaventurado rrey don Ffernando e de la muy noble rreyna donna Beatrís, e ssenhor heredero, primeramente por la merçet de Dios, e después por derecho linaie, de que heredamos los rregnos de Castiella, de Toledo, de León, de Gallizia, de Seuilla, de Córdoua, de Murçia, de Jahén, e de Badaioz, e del Algarbe.*

Afonso X, *Setenario*, lei I, p. 7



*Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. 1, 61v) | S. XIII

## REX DEI GRATIA

(Rei pola graza de Deus)

*Ars epistolaris ornatos*  
Gaufridus Anglicus

Texto galego medieval

*A divina fuit dispositione provisum  
arquetipisque figuratum a seculis  
quod invictissimus Rex castele  
diceretur Alfonsus, ut ipse res  
nomine presignata vocalibus suis  
nominis concordaret dum ab «A»  
triangula littera fidem trigonam  
personalis ternarii designante  
decurritur in «O» divine esencie  
principio atque fine carentis fidei  
sphericam unitatem hac in «U»  
clausa inferius et aperta superius  
nomen premisum concludere illius  
regis magnifici qui in solum Deum  
dirigit aciem mentis totam.*

Tradución ao galego

Por disposición divina dispúxose e representouse dende os primeiros tempos que o rei de Castela máis invencible se chamase Afonso, xa que este mesmo facía concordar o designado no seu nome coas vogais do seu nome, en tanto que do «A», letra triangular que designa a fe triangular da personalidade ternaria, vaise parar ao «O», unidade esférica da fe que carece do principio e da fin da esencia divina; desta <pásase> ao «U», pechado na súa parte inferior e aberto na superior, para rematar o nome mencionado previamente daquel rei magnífico que dirixe só a Deus a agudeza da súa mente.



AUDIO

Gaufridus Anglicus  
*Ars epistolaris ornatos* [1:37]  
Recitado: Valeria Bertolucci,  
Universidade de Pisa (Italia)



*Deue el Pueblo loar, e querer oyr el bien que del Rey dixeren,  
e trabajarse de lo acrescentar, lo mas que ellos pudieren.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 2, tit. XIII)



*Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. I, 61v) | S. XIII

## AUTORREPRESENTACIÓN E LEXITIMACIÓN

O Rei Sabio utiliza todos os elementos que están na súa man co propósito de forxar para si unha imaxe de poder, a miúdo por riba da Igrexa e como intermediario entre o pobo e Deus. Tanto nos textos das obras xurídicas como nas miniaturas en que aparece representado (*Cantigas de Santa María* e outros), a figura do monarca é amplificada e destacada con relación ás demais, ocupa a centralidade e o seu tamaño con frecuencia destaca entre os personaxes do pobo ou da Igrexa e se equipara ao da Virxe. No prólogo das *Cantigas de Santa María* o rei exalta as súas propias virtudes, presentándose como un «príncipe cristián». Aparece sempre vestido con roupas reais, cos signos que o identifican como rei de Castela e León, habitualmente

con atributos imperiais, e engade á súa persoa a compañía de maceiros, que ata daquela non existían. Con esta representación o rei pretende enaltecer a súa persoa e lexitimar o seu poder. Alén disto, procura autenticar a súa liñaxe mediante o acondicionamento de tumbas reais e panteóns (o rei Paio, a Covadonga; traslado de Wamba a Santa Leocadia de Toledo; traslado dos corpos de Afonso VIII e Leonor de Aquitania, raíña consorte de Castela) e erixindo unha galería de retratos rexios no alcázar de Segovia, así como exaltando un pasado glorioso visigótico para crear unha idea de supremacía da coroa castelán-leonesa sobre as outras monarquías hispánicas, que se cualificou como «imperialismo castelán-leonés».

## O DEREITO COMO FERRAMENTA POLÍTICA

O interese do monarca pola aplicación do dereito romano na súa obra legislativa ten como obxectivo a concentración do poder na monarquía en detrimento da nobreza, dos concellos, dos gremios e dos burgueses, se ben nestes últimos o rei atopou uns aliados fronte aos nobres. Trátase, en definitiva, da proxección do poder dentro dunha ideoloxía monárquica de corte absolutista. Existe a posibilidade de interpretar que a vontade do rei é acabar coa disparidade legislativa de diferentes tradicións xurídicas tomando como modelo o dereito romano. Esta ferramenta legislativa foi utilizada alén das fronteiras de León e Castela —e boa proba disto son os exemplares existentes en portugués e catalán—, para circular logo por Europa ata chegar ao continente americano.



Signo rodado de Afonso X o Sabio (fol. 71v)

## INTERNACIONALIZACIÓN POLÍTICA

Unha boa mostra da influencia de Afonso X na política internacional tense nos asistentes á voda do seu fillo primoxénito, o infante don Fernando de la Cerda, con dona Branca de Francia, filla do rei de Francia san Luís. Á voda asistiron o rei Xaime I de Cataluña e Aragón, o rei mouro de Granada, o príncipe Eduardo de Inglaterra, a emperatriz de Constantinopla, o herdeiro de Francia e irmán da noiva, o infante de Aragón don Sancho —irmán da raíña dona Violante e arcebispo de Toledo—, o marqués de Montferrato e xenro do rei, e toda a familia real de Castela e de Aragón.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. I, 203v) | S. XIII

### PROXECTO POLÍTICO: O FECHO DEL IMPERIO

O rei Afonso esgrime a liñaxe dos Staufen por liña materna (Beatriz de Suabia) para reclamar ser elixido emperador, apoiado pola República de Pisa. Mais o papa Inocencio IV estaba a mal cos Staufen polo poder que exercían en Sicilia e por intereses contrapostos cos do papado. O 18 de marzo de 1256, no alcázar de Soria, Bandido Lancia, síndico e procurador do Común da República de Pisa, proclama a Afonso X «rei de romanos e emperador do Imperio Romano» coa esperanza de que esta proclamación como candidato electo, canda a de Ricardo de Cornualles, fose ratificada polo papa. Non obstante, ningún dos dous accede á coroa imperial. Ricardo morre en 1272 e o papa Gregorio X oponse á candidatura do monarca castelán, para acabar nomeando emperador a Rodolfo de Habsburgo. Coas pretensións imperiais, o Rei Sabio tenta ampliar a súa influencia e o patrimonio territorial da coroa, sobre todo polo norte de África, e reclámalle ao papa que esa expedición sexa proclamada «cruzada». Ao mesmo tempo, e ante a imposibilidade de acceder ao trono imperial, Afonso pretende proclamarse «emperador das terras hispánicas», adoptando motivos e símbolos imperiais de representación na súa persoa, tanto en imaxes de códices e manuscritos como en moedas cuñadas durante o seu reinado.

### ECONOMÍA E REINADO

O Rei Sabio favoreceu o comercio concedendo feiras a cidades e vilas do seu reino, instaurou un sistema aduaneiro e fiscal para incrementar a recadación de impostos e recoñeceu xuridicamente en 1273 o «Honrado Concejo de la Mesta de los Pastores», vinculado á gandería transhumante. Fomentou a repoboación nas terras conquistadas aos musulmáns, co cal provocou unha mudanza de poboacións que xeraría un problema de despoboación nas zonas de orixe dos repoboadores. As continuas demandas de diñeiro á nobreza para sustentar a súa candidatura a emperador, as súas campañas bélicas e o seu labor cultural decimaron a economía do reino e particularmente a da nobreza. A consecuencia disto e do intento de desprazar a nobreza tanto das decisións da coroa como da recadación de impostos, a aristocracia rebelouse en diferentes ocasións, co seu fillo segundo, Sancho, á fronte, fillo que acabaría sendo nomeado rei, mentres que Afonso X sería destituído polas Cortes. A inclusión da «lexítima» na xurisdición testamentaria por parte do Rei Sabio na Partida VI foi interpretada como un elemento desestabilizador contra a nobreza.



### RELIXIÓN

Afonso X utiliza a relixión como instrumento político e enfróntase ás autoridades relixiosas, e concretamente ao cabido compostelán. Elementos como a peregrinaxe, a loita contra os musulmáns, a súa ascendencia familiar e os milagres que pretendidamente viviu esta son empregados para destacar a súa exemplaridade relixiosa. Téntase unha sacralización da monarquía, no que se chamou «feudalismo teolóxico».

Cáliz do Cebreiro | S. XIII  
Santuario de Santa María a Real do Cebreiro  
Pedrafiña do Cebreiro (Lugo)





Fuero juzgo (BNE, fol. 2v) | S. XIII

*Complidas dezimos que  
deven seer las leyes, e  
muy cuydadas e muy  
catadas por que sean  
derechas e provechosas  
comunalmientre a todos,  
e deven seer llanas e  
paladinas por que todo  
omne las pueda entender  
e aprovecharse d'ellas a  
su derecho, e deven seer  
sin escatima e sin punto  
por que non pueda venir  
sobr'ellas disputación  
ni contienda.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida I, f. 1v

## LEXISLACIÓN

Unha das facetas máis importantes do seu reinado foi o seu labor lexislador, indisolublemente ligado á introdución en Castela e León do dereito romano. Baixo a súa supervisión organizouse un formidable corpus de textos xurídicos, tanto doutriniais como normativos. As súas obras máis significativas neste ámbito foron o *Fuero Real*, o *Espéculo* e as *Siete Partidas*.

As *Siete Partidas* son un compendio enciclopédico lexislativo de diferentes linguas e tradicións. O poder queda centrado exclusivamente no monarca e a súa obra é considerada o único código lexislativo de obediencia debida, e a misión dos xuíces só é a súa aplicación. O obxectivo desta obra xurídica é a configuración dun plan centralizador do sistema legal e a unificación da lexislación castelá, que non chegou a aplicarse en vida do rei.

O *Setenario* —de redacción inconclusa— é unha obra enciclopédica de astronomía, literatura e materia xurídica. Nela o monarca parece reformular as ideas xurídicas das *Partidas*. Trátase da obra do final da vida do rei, cunha función estruturadora mediante unha organización numérica, tal como sucede nas *Cantigas de Santa María*.

O monarca, na Partida I, esgrimindo que o seu poder procede de Deus, pretende leximitar o dito poder e as súas leis (*Rex Dei gratia*).

En Galicia, emite unha serie de cartas de poboación (dereito municipal) dirixidas a crear novas urbes, como, entre outras, as de Santa Marta de Ortigueira, Pontedeume e Monterrei.



Cantigas de Santa María (Códice Rico, RBME, tit. 1, 92r) | S. XIII

## AS CAMPAÑAS BÉLICAS

Antes de ser proclamado rei, o infante Afonso participou na campaña militar de Andalucía e na batalla de Xerez (1231), e máis tarde na conquista dos reinos de Murcia e Sevilla. En 1246 orixínase a guerra civil en Portugal pola disputa do trono entre Sancho II e Afonso de Boloña. Afonso participa na contenda amparando a Sancho II coa condición de obter a cambio o Algarve. Tras ser derrotado, Sancho II foxe e refúxiase en Toledo, onde morrerá dous anos máis tarde. Durante sete anos Afonso mantén un enfrontamento polo Algarve, que rematará en 1253 cun acordo co rei de Portugal polo que lle concede en matrimonio a súa filla ilexítima, Beatriz, en troco do Algarve en usufruto.

Tras a morte do seu pai loitou contra os musulmáns, ocupou Xerez (1253) e Cádiz (ca. 1262) e en 1264 tivo que combater na revolta dos mudéxares do val do Guadalquivir. Fundou a Orde de Santa María en 1272 co obxectivo de protexer as costas dos piratas e reforzar a súa campaña bélica contra os musulmáns do norte de África. Non obstante, esta frota foi asolada en 1279, o que provocou a desaparición da Orde.

Un dos seus proxectos militares, herdado de Fernando III, foi a cruzada contra os musulmáns do norte de África (1260) por motivos estratéxicos e de seguridade da Península. As tropas do rei Afonso atacaron e saquearon Salé, a actual Rabat, e retiráronse sen conseguiren asegurar o seu dominio sobre o norte do continente africano.

En 1275, aproveitando a súa entrevista co papa Gregorio X en Beaucaire e incumprindo o Rei Sabio os pactos co rei de Granada, Maomé II, este recorre aos benimeríns, e o seu emir, Abu lúsuf Iacub, desembarca na Península nunha ofensiva cualificada como «guerra santa». En febreiro de 1279 Afonso dirixe o asedio de Alxeciras, pero ten que se retirar. En 1281 combate contra o Reino de Granada con éxito. Poucos días despois de participar na campaña da Veiga de Granada, fina o seu fillo ilexítimo, Afonso Fernández o *Neno*.






Liñas cronolóxicas España/Galicia/Afonso X

## POLÍTICA E CULTURA: UN OBXECTIVO COMÚN

A importancia de Afonso X —desde unha perspectiva medieval— reside na súa faceta cultural, literaria, historiográfica e xurídica. Neste último aspecto e paralelamente á introdución do dereito romano en Castela e León, a súa tarefa como lexislador é nova, orixinal e fecunda. Destaca o seu labor como autor dun relato histórico rexio e é considerado o creador dun «modelo historiográfico» que conectou o seu programa cultural co seu proxecto político, para se converter persoalmente no intérprete e transmisor ao pobo do relato histórico, relegando, deste xeito, o papel dos historiadores.

*Acucioso debe el rey seer en aprender los saberes, ca por ellos entenderá las cosas de raiz; et sabra mejor obrar en ellas, et otrosi por saber leer sabrá mejor guardar sus paridades et seer señor dellas, lo que de otra guisa non podrie tan bien facer, ca por la mengua de non saber estas cosas haberie por fuerza de meter otro consigo que lo sopiese, et poderle hie avenir lo que dixo el rey Salomón, que el que mete su poridat en poder de otro fácese su siervo, et quien la sabe guardar es señor de su corazon; lo que conviene mucho al rey.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 16, tit. V)



Códice misceláneo astrológico (BNE, fol. 47r) | S. XIII

## PROXECTO CULTURAL E PLURILINGÜISMO

A visión do Rei Sabio no ámbito cultural é de «universalidade». Boa mostra disto son os proxectos de tradución de diferentes linguas, a súa vontade científica e a súa concepción historiográfica. Os referentes culturais e as fontes textuais abranguen todo o ámbito da cultura medieval europea: tradición clásica (latín e grego) e textos árabes e xudeus, así como a cultura relixiosa medieval. A isto hai que lle engadir a conexión política do proxecto real con todos os campos da cultura, e podemos falar da «utilización» do proxecto cultural con obxectivos políticos, combinando diversos sistemas ideolóxicos para un mesmo fin: a consolidación e xustificación dun proxecto político centrado na persoa do monarca. Todo isto conformaría unha nova identidade lingüística (a promoción da lingua castelá) nun ambiente plurilingüístico: galego, occitano, latín, árabe, grego, italiano, catalán, francés...



## O SCRIPTORIUM AFONSINO



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 83r) | S. XIII

### A LINGUA GALEGA

O monarca adoptou o galego como instrumento de comunicación internacional, literaria, cultural e política, tal como fixeran anteriormente os trovadores occitanos, cataláns e italianos. A elección da lingua galega responde a unha realidade cultural europea da Idade Media que a reconece como lingua poética e intelectual internacional. Na súa obra lírica, o Rei Sabio utilizou o galego como idioma de prestixio europeo, co obxectivo —sobre todo na súa obra mariana— de lograr apoios internacionais e do papado para o seu proxecto político de ser elixido emperador do Sacro Imperio: *o fecho del Imperio*.

### A LINGUA CASTELÁ

No eido lingüístico e dentro do ámbito xurídico, redactou as súas obras en lingua castelá e levou ese idioma á chancelaría.

*El fue el primero de los reyes de España que mandó que las cartas de ventas y contratos y instrumentos, todos se celebrasen en lengua española, con deseo que aquella lengua que era grosera, se puliese y enriqueciese: con el mismo intento hizo que los sagrados libros de la Biblia se tradujesen en lengua castellana.*

P. Mariana, *Historia general de España*, libro XIV, cap. VI

## A LITERATURA GALEGA MEDIEVAL E AFONSO X

### IDEOLOXÍA, IDENTIDADE E LITERATURA

Afonso, como anteriormente Carlomagno, realizou un importante labor identitario, tanto na creación e promoción literarias como na súa faceta de ideólogo e lexislador. Na súa obra, a utilización das linguas neolatinas e o seu patrimonio faise de maneira interesada política e ideoloxicamente, e como exemplo desa manobra ideolóxica na literatura contamos coa polémica que mantivo co trobador Pero da Ponte polo seu estilo tradicional galego, comparándoo con Bernardo de Bonaval. A mesma actitude encontramos no seu debate escatolóxico co trobador Arnaut Catalan, no que ambos ridiculizan unha das obras máis famosas da lírica trobadoresca, *Can vei la lauzeta mover*, de Bernart de Ventadorn, e o «amor cortés» trobadoresco.

#### Descort de Raimbaut de Vaqueiras

Texto orixinal

**I**  
Eras quan vey verdeyar  
pratz e vergiers e boscatges  
vuelh un descort comensar  
d'amor, per qu'ieu vauc aratges.

...  
**II**  
Io son quel que ben non aggio  
ni jamai non l'averò  
ni per april ni per maggio  
si per ma donna non l'o.


...  
**V**  
Mas tan temo vostro preito  
tod'eu son escarmentado.  
Per vos ei pen'e maltreito  
e meu corpo lazerado.

Tradución ao galego

**I**  
Agora cando vexo verdexar  
prados, verxeis e bosques,  
quero empezar un descordo  
de amor, polo que ando errabundo.

...  
**II**  
Eu son ese que non teño ben  
nin o hei de ter xamais,  
nin por abril nin por maio,  
se non o teño da miña dama.

...  
**V**  
Mais tanto temo a disputa con vós,  
que estou todo escarmentado.  
por vós teño pena e tormento  
e o meu corpo lacerado.




Siete Partidas (detalle) | S. XIII  
Museo de Pontevedra (Pontevedra)

O latín, unha koiné

*Mensageros del rey o otros homes van algunas veces a otras partes fuera de sus regnos, et han rneester cartas de como vayan guiados: destas deben seer fechas en latin porque las entiendan los homes de las otras tierras.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida III  
(lei 25, tít. XVIII)





## PATRIMONIO LÍRICO GALEGO DE AFONSO X

*Onde este nostro sennor sobredicho [Afonso], qui tantos et diuersos dichos de sabios uiera, leyendo que dos cosas son en el mundo que mientre son escondidas non prestan nada et es la una seso encerrado que non se amostra, et la otra thesoro escondido en tierra, el semeiando a Salamon en buscar et espaladinar los saberes, doliendo se de la perdida et la mengua que auian los ladinos en las sciencias de las significaciones sobredichas [influencia dos corpos celestiais sobre os corpos terreos], fallo el Libro de las Cruces que fizieron los sabios antigos...*

Afonso X, *Libro de las cruces*, prólogo

### O REI AUTOR

En lingua galega é «autor» —para alén das 420 composicións das *Cantigas de Santa María*— de 38 poemas (26 atribuídos ao monarca, tres de coautoría e nove atribuídos a Afonso de León, probablemente o mesmo Rei Sabio), poesías encadradas dentro do xénero convivial e simposiaco das *cantigas de escarnio e maldizer*.

### O MONARCA E AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA: A DEVOCIÓN AO SERVIZO DA POLÍTICA

Este repertorio lírico (poesía e música), dedicado á exaltación da Virxe e aos seus milagres, chegou ata nós en tres manuscritos do terceiro terzo do século XIII (420 cantigas; delas, 417 con música).

A excepcionalidade da obra mariana afonsina reside no alto grao de intelectualidade e erudición que reúnen os seus textos e as súas melodías. Numerosos son os estudos que demostraron os procesos de intertextualidade, intermelodicidade, tradición literaria e liturxia, así como un eficiente labor de composición musical. O monarca elabora unha proxección política do elemento devocional mariano, na que intenta, mediante a súa representación nas miniaturas do manuscrito, enxalzar a súa persoa converténdose no intermediario entre Deus, a Virxe e o pobo. Unha estratexia para minimizar o estamento relixioso do seu tempo. A manipulación e o cambio de atribución dos milagres (de Santiago apóstolo á Virxe) supoñen outra manobra política contra o cabido compostelán e contra a peregrinaxe a Santiago de Compostela.

*E daquest'un miragre mui fermoso direi que fez Santa Maria, per com' escrit' achei en un livr', e dontr' outros trasladar-o mandei e un cantar en fige segund' esta razón.*

Afonso X, *Cantigas de Santa María* (CSM 284)



... e per meu trobar quer eu mostrar os miragres que ela fez

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, prólogo B, vv. 22-23

Tradución ao galego

... e polo meu trobar quero eu mostrar os milagres que ela fixo

## OS MANUSCRITOS DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

(Cf. Jesús Montoya [1988]: *Alfonso X el Sabio: Cantigas*, Madrid, Cátedra)

*Códice de Toledo* ou «To», ms. 10 069, Biblioteca Nacional de España (BNE). Procedente da catedral de Toledo. Con notación musical. Posible copia dun manuscrito anterior e confeccionado entre 1270 e 1274. 160 follas de pergameo a dúas columnas. Contén os seguintes apartados: prólogo, 100 cantigas, «La Pitiçon», cinco cantigas das festas anuais da Virxe, cinco das festas de Xesucristo e 16 cantigas entre as que temos unha maía (cantiga núm. 406 do códice E). Carece de miniaturas.

*Códice Rico* ou «T» (RBME, T.I.1), Real Biblioteca do Escorial. Presenta 193 cantigas con notación musical. Confeccionado entre 1274 e 1277. Contén 256 páxinas de pergameo a dúas columnas e 1262 miniaturas en 210 láminas. Exemplar miniado e ilustrado de grande importancia para o coñecemento da vida cotiá medieval (século XIII). Notación musical.

*Códice de los músicos* ou códice «E» (RBME, ms. B.I.2), Real Biblioteca do Escorial. Manuscrito de 361 páxinas de pergameo a dúas columnas. Confeccionado entre 1277 e 1282. Sen notación musical. Contén os seguintes apartados: prólogo das cantigas das cinco festas de santa María (cant. 410), seguido de 12 cantigas; a continuación, a introdución (A), o prólogo, 400 cantigas

e a «Pitiçon», alén doutra cantiga de súplica. O máis completo musicalmente. Cada dez cantigas presenta unha miniatura con instrumentos musicais; en total, 40 miniaturas que representan músicos e os seus instrumentos.

*Códice de Florencia* ou «Flo» (BNCF, B. R. 20), Biblioteca Nacional de Florencia. Século XIII. 113 cantigas. Incompleto, sen notación musical. Incompleto tanto nas melodías como nas miniaturas. 131 follas de pergameo a dúas columnas.

*Cancionero de Santa María de El Puerto (CSMP)*. Confeccionado entre 1260 e 1283. 24 cantigas. Sen notación musical.

## AS CANTIGAS PROFANAS DO REI SABIO

Conservadas nos manuscritos copiados no século XVI por Colocci:

*Colocci-Brancuti*, na Biblioteca Nacional de Lisboa

*Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana* (cód. 4803)

*Cancionero de Ajuda*, Biblioteca do Palacio Real de Ajuda



**E**maier eu estas rovas non ei  
com eu guerra pero prouam  
a mostrar ena un pouco que sei  
confiando en tennono o saberne  
ca per ele tenno que poretta  
e mostrar to que quero algiar

**O** que quero e dizer loor  
da virgen marie de nro senno  
santa maria que est a mellos  
conta q el fes. i por aquest en  
quero ser oi mais seu robare  
i rogo ue que me queira p seu

**T**robato i que qira meu trobar  
reocer. ca per el quer eu mostrar  
dos magres que ela fez. ar  
querrei me leuar de trobar teli  
por outra dona i euda cobrar  
por esta quant enas outras poi.

**A** o amor desta senno e tal  
que queno a temp p p manual  
i poilo gaannava non lle fal  
se non se e per sta gran ocaio  
querrens leuar ten i fas mal  
ca per esto o porde per al non.

**P**or en dela non me qe en parer  
ca sei de pran que se a te fur  
que non poretta en seu te falir  
tes auer. ca nunca y falir  
quen ilo soure con mtrax por  
ca tal rogo sempre ela ten oyu

**O**me lle rogo se ela quiser  
que lle praza to que ela disser  
en mes cantans i fell apugir  
que me te galardon com ela ta  
aos que ama. i queno souber  
por ela mais de grato trobara.

**A**qui se acaba o prologo das  
cantigas de santa maria.



Afonso X  
E per meu trobar [0:31]  
Recitado: Hans Joseph Niederehe,  
Universidade de Tréveris (Alemaña)

Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico,  
RBME, tit. I, 4v) | S. XIII





*El rei faze un libro non porque el escriba con sus manos mas porque compone las razones d'el e las enmienda, e yegua e endereza e muestra la manera de cómo se deben fazer, dezi escribelas qui el manda, pero dezimos -por esta razon- que el rei faze el libro.*

Afonso X, *General Estoria I* (f. 216r)

Tradución ao galego

O rei fai un libro, non porque el o escriba coas súas mans, senón porque compón as razóns del e o corrixe, e ordena e endereita e amosa a maneira de como se deben facer; ademais escribeas quen el manda, pero dicimos —por esta razón— que El-Rei fai o libro.

Afonso X, *General Estoria I* (f. 216r)

## A PROMOCIÓN DA TRADUCIÓN

No ámbito da difusión de obras árabes, gregas e hebreas, hai que sinalar a súa importante actividade na segunda época da Escola de Tradutores de Toledo (século XIII) e a súa dedicación en reunir todo tipo de textos científicos, tanto das linguas hebrea e árabe como de tradición clásica. Se nunha primeira época os textos orixinais se traducían ao latín, nos tempos do monarca afonsino traducíronse ao castelán. O primeiro texto impulsado por Afonso do que temos noticia foi o *Lapidario*, redactado en 1243, cando el contaba 22 anos, e que terminou de compilarse e de traducirse ao castelán en 1250. Nel encontramos un tratado sobre as calidades máxicas das pedras e sobre a astroloxía.

*... yo don Alfonso [...] fiz ende fazer este libro*

Afonso X, *General Estoria*, prólogo



Texto en lingua hebrea e tradución ao galego

כְּאֵיל תַּעֲרֹג עַל אֶפְיָקֵי מַיִם  
כִּן נַפְשִׁי תַּעֲרֹג אֲלֵיךָ אֱלֹהִים  
(תהלים מב)

(Ke'ayyal ta'rog al afikei mayim ken nafshi ta'rog eleicha elohim)

*Como o cervo brama polas correntes de auga. Así brama a miña alma por ti, oh Deus.*

Salmo XLII

מֵת אַב וּמֵת אֱלּוּל וּמֵת חֲמִשׁ  
גַּם נֶאֱסַף תִּשְׁרֵי וּמֵת עִמָּם  
(שמואל הנגיד)

(Met av umet elul umet chummam gam ne'esaf tishri umet immam)

*Morreu o mes Av, morreu o mes Elul e morreu a súa calor.*

*Tamén se uniu o mes Tishrei e morreu con eles.*

Shmuel ha-Nagid

Texto en lingua árabe e tradución ao galego

في ارض أندلس تلتذ نعماء

(Fī ardī Andalusin tultaḍḍu na'mā'u)

*Na terra de al-Andalus gózanse todos os praceres*

Poema árabe medieval, anónimo

الذين آمنوا لهم جنة عرضها السموات والأرض

(Al-ladīna āmanū la-hum ḡannatun 'arḍu-hā al-samawātu wa-l-arḍu)

*Para os que cren, haberá un paraíso tan estenso coma os ceos e a terra*

Texto do Corán



AUDIO

Texto hebreo [0:48]

Recitado: Aviva Doron,  
Universidade de Haifa (Israel)

Texto árabe [1:28]

Recitado: Georges Kanazi,  
Universidade de Haifa (Israel)




Afonso X  
*El rei faze un libro* [0:37]  
Recitado: Carlos Alvar,  
Universidade de Xenebra (Suíza)

AUDIO



## OBRAS E TRADUCIÓNS DO SCRIPTORIUM AFONSINO

(Cf. Inés Fernández-Ordóñez [2009]: *Alfonso X el Sabio en la historia del español*, Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes)



### LIBROS TRADUCIDOS DO ÁRABE AO CASTELÁN

O *Libro del saber de astrología* (quinze tratados árabes, séculos IX e XII)  
 As *Tablas alfonsíes*  
 O *Libro de los canones de Albateni* (século X)  
 O *Libro conplido de los iudizios de las estrellas*  
 O *Libro de las cruces*, de ‘Ubayd Allah al-Istijj  
 O *Lapidario*

#### Outros textos:

O *Picatrix*, traducido do árabe ao latín  
 O *Libro del acedrex, dados e tablas*, ou *Libro de los juegos*  
*Calila e Dimna*, colección de contos

### OBRA LITERARIA

*Cantigas de Santa María*  
*Cantigas profanas*

### XOGOS DA CORTE

*Libro del acedrex, dados e tablas*

### DEREITO

*Fuero Real*  
*Espéculo*  
*Libro del fuero de las leyes*  
*Siete Partidas*  
*Setenario*

### HISTORIA

*Estoria de Espanna*  
*General Estoria*  
*Vitae Patrum*: Bernardo de Brihuega

### CORTE E CONSELLEIROS

*Libro del consejo e de los consejeros*

### RELIXIÓN MUSULMÁ

*Libro de la escala de Mahoma*

### CIENTÍFICAS

#### I. Astrolóxicas


*Libro conplido en los iudizios de las estrellas*: Yehudá ben Mošé  
*Libro de las figuras de las estrellas fixas que son en el ochavo cielo*: Yehudá ben Mošé / Guillén Arremón de Aspa  
*Libro de la açafeha*: Fernando de Toledo  
*Libro dell espera redonda o dell alcóra*: Juan de Aspa / Yehudá ben Mošé  
*Libro de las cruces*: Yehudá ben Mošé / Juan de Aspa  
*Quadripartitum*, de Ptolomeo, co comentario de Alí ibn Ridwān  
*Libro de las tablas alfonsíes*: Yehudá ben Mošé / Ishāq ben Sīd (*Rabiçag*)  
*Cánones alfonsíes*  
*Tablas numéricas*  
*Libros del saber de astrología*  
*Cosmología*, de Ibn al-Haytan

#### II. Maxia

*Lapidario*: Yehudá ben Mošé / Garci Pérez  
*Liber Picatrix*  
*Liber Razielis*  
*Libro de las formas et de las imágenes*  
*Libro de astromagia*

### BRUNETTO LATINI: TRADUCIÓN

*Tesoro*



Afonso X, Tabule Afonsi (BNE, fol. 17v) | S. XIV

Concesión dunha mesquita aos «físicos» (intelectuais) que viñeron de alén.

[A] los físicos que vinieron de allende, (concede una mezquita) para así tenerlos más cerca, e que en ella fagan la su enseñanza a los que les avemos mandado que nos los enseñen con el su gran saber, ca para eso los avemos ende traído.

Diplomatario andaluz de Afonso X (1260, doc. 232)

### OS COLABORADORES INTELECTUAIS

Entre os colaboradores científicos destacan especialmente dous, ambos xudeus: Xudá ben Moisés ha-Cohen e Isaac ben Sid. Os dous colaboraron na redacción e elaboración das *Tablas alfonsíes*. O primeiro, ligado a Afonso desde a súa xuventude, polo menos desde 1243, parece que tivo unha importancia decisiva nas obras astrolóxicas e máxicas e interveu en case todos os textos destes dous campos. Isaac ben Sid, cun perfil máis científico, colaborou nos tratados sobre instrumentos, posiblemente o *Tratado del cuadrante sennero*. Álvaro de Oviedo foi o autor da tradución ao latín do *Libro conplido en los iudizios de las estrellas*. Na faceta lexislativa temos a Jacobo de Junta, Fernando Zamora e un tal mestre Roldán, autor do *Ordenamiento de las tafurerías*, entre outras; a Bernardo de Brihuega nas obras histórico-relixiosas e a Juan Gil de Zamora como autor de *De preconiis Hispanie* e relacionado co *scriptorium* afonsino.

*Aristotil fue el mas sabio et mas agudo maestro de quantos en el mundo fueron*


Afonso X, *General Estoria* IV, fol. 193a

### ADMIRACIÓN POR ARISTÓTELES

Afonso mostra a súa fascinación pola obra do filósofo grego e adopta a concepción neoaristotélica de que cada reino constitúe un corpo político, cuxa cabeza é o rei.

*... nos, el sobredicho Rey don Alfonso, entendiendo y ueyendo los grandes males que nascien e se leuantauan entre las gentes de nuestro sennorio por los muchos fueros que usauan en las uillas et en las tierras, que eran contra dios e contra derecho, assi que los unos se iudgauan por fazannas desaguisadas e sin razon, e los otros por libros minguados de derecho, e aun aquellos libros rayen e escriuien y lo que les semeiaua a pro dellos, e a danno de los pueblos, tolliend o a los Reyes su poderio e sus derechos, e tomando lo porassi, lo que non deuie seer fecho en ninguna manera. E por todas estas razones minguaua se la iusticia e el derecho, porque los que auien de iudgar los pleytos non podien en cierto nin conplidamient re dar los iuyzios, ante, los dauan auentura e a su uoluntad, e los que reciben el danno non podien auer iusticia ni emienda, assi cuemo deuien. Onde nos, por toller todos estos males que dicho auemos, fiziemos estas leyes que son escriptas en este libro a seruicio de dios e a pro comunal de todos los de nuestro sennorio, porque connoscan e entiendan ciertamientre el derecho, e sepan obrar por el e guardarse de fazer yerro porque no cayan en pena.*

*Siete Partidas* (prólogo), ms. 20787 British Museum A dd.




### OBRA XURÍDICO-LEXISLATIVA

Os principais textos legais compilados na corte afonsina son as *Siete Partidas*, o *Fuero Real*, o *Setenario* e o *Espéculo*.

Afonso X, *Corpus Pelagianum* (BNE, fol. 1v) | S. XIII





Documento de Pedro Yáñez | S. XIII Mosteiro de Ferreira de Pantón (Lugo)

*Et por ende nos don Alfonso [...], entendiendo que muchas cibdades e villas de nuestros regnos non ovieron fuero fasta en el nuestro tiempo [...] et pediendonos merced que los emendasemos los sus usos, que fallasemos que eran sin derecho, e que les diesemos fuero por que visquiesen derechamente de aqui adelante, ovimos conseio con nuestra corte e con los omes sabidores de derecho, e dimosles este fuero que es escripto en este libro, porque se judguen comunalmiente varones e mugeres. E mandamos que este fuero sea guardado para sienpre, e ninguno non sea osado de venir contra ello*

**O PRESTIXIO DO MONARCA COMO LEXISLADOR ENTRE TROBADORES**

Para o trobador Guiraut Riquier, o monarca castelán foi un referente xurídico e ético-social, tanto en asuntos que concernían ao goberno do reino e á acción real como en cuestións de moralidade. O trobador dirixese ao rei epistolarmente, no que se denominou de maneira xenérica «rexemento de príncipes», para o aconsellar sobre o labor monárquico. Instrúe o monarca sobre a perda dos Santos Lugares da Terra Santa pola actitude, máis económica que relixiosa, dos poderosos —«en mercat o an tengut»—, que están máis atentos ao seu beneficio persoal que ao da cristiandade. Nunha famosa epístola, a *Supplicatio*, de 1274, o trobador dirixese ao monarca para lle pedir que dirima sobre quen son os verdadeiros xogares e quen pode denominarse como tal exercendo as artes da xograría.

**TEXTOS HISTÓRICOS**

No *scriptorium* afonsino conviven dous modelos historiográficos: por unha banda, un modelo xeral, como o da *Estoria de Espanna*, e, por outra, un modelo cronístico, ambos en lingua vulgar. Por riba dos feitos obxectivos da historia, o importante da súa produción histórica é o discurso dirixido a defender e enaltecer os intereses do monarca, tanto nas obras que se redactan por orde do rei como nas que son da súa responsabilidade, concepción e execución, e que decontino son revisadas nun afán de perfección. Cabe destacar o texto galego da *Crónica de Castilla* (ca. 1312), traducido a esa lingua para defender os intereses da monarquía castelá fronte ás prerrogativas galegas. Nas crónicas atopamos as prosificacións de textos épicos casteláns, algúns deles próximos ao romanceiro.

O monarca manda redactar unha historia universal, a *General Estoria* (ca. 1270-80), e a *Estoria de Espanna*. Segundo Inés Fernández-Ordóñez, tratábase de dous proxectos simultáneos inacabados. A perspectiva histórica afonsina parte dunha concepción relixiosa cristiá canto á tradición visigótica da monarquía castelá, valorando a tradición romana e obviando a árabe.



Afonso X, Roda estrela Perseo (BNE, fol. 31v) | S. XIII

**ASTRONOMÍA E ASTROLOXÍA**

A súa redacción e tradución obedecen á influencia que poden ter os astros na vida do rei e do seu reinado. A obra mariana afonsina está composta dentro dun contexto científico no que interveñen a literatura e a música baixo unha concepción filosófica, na que a astronomía e a astroloxía son elementos esenciais. Nas diferentes obras afonsinas, que poderíamos cualificar de científicas para unha mente medieval, describísenos a astronomía e a astroloxía, a súa utilidade e os medios de interpretación (o *Libro de las cruces* e o *Picatrix*), así como os instrumentos (*Libro del saber de astrología*) para efectuar medicións e observacións, e a relación dos minerais e as pedras preciosas (*Lapidario*) cos elementos do cosmos. A corte afonsina vive nun ambiente no que se diferencia astronomía de astroloxía, aínda que os termos se combinan, se confunden e se intercambian.





## A BIBLIOTECA DO SCRIPTORIUM AFONSINO

Relación a partir de:

SNOW, Joseph T. (2010). «Alfonso X: un modelo de rey letrado», *Letras*, 61-62, 297-310


*Chronici canones*, Eusebio e Xerome  
*Historia gothica / De rebus Hispaniae*, Ximénez de Rada  
*Historia Romanorum*, Ximénez de Rada  
*Historia Arabum*, Ximénez de Rada  
*Hunnorum, Vandalorum... Historia*, Ximénez de Rada  
*De Ostroth. Historia*, Ximénez de Rada  
*Liber Derivationem seu*, Hugucio de Pisa  
*Etimologicum Latinum*  
*Antigüedades judaicas*, Flavio Xosefo  
*Pantheon*, Godofredo de Viterbo  
*Historia Regum Britanniae*, Godofredo de Monmouth  
*Estoria de Egipto*  
*Heroidas*, Ovidio  
*Metamorphoses*, Ovidio  
*Integumenta super Ovidium Metamorphoseos*  
*Le Roman de Troie*, Benoît de Sainte-Maure  
*Histoire de Thèbes*  
*De rebus gestis Alexandri Magni*, Quinto Curcio  
*Etimologías*, santo Isidoro  
*Chronica maiora*, santo Isidoro  
*Historia Gothorum, Wandalorum...*, santo Isidoro  
*Chronicorum Hieronymianorum*, Hidacio

*Chronicon universale*, Ekkehard  
*Libro de Josué*  
*Biblia Vulgata romanceada*  
 Comentarios de la Biblia, Remixio de Auxerre Ramiro  
*Glosas bíblicas*, santo Agostiño, san Gregorio, Beda...  
*Evanxeo*, san Lucas  
*Feitos dos Apóstolos*, san Lucas  
*Evanxeo*, san Mateo  
*De praeconiis Hispaniae*, Juan Gil de Zamora  
*Liber Mariae*, Juan Gil de Zamora  
*De laudibus virginitatis*, santo Adelmo  
*Rationale divinatorum officiorum*, Durando  
*Historia Scholastica*, Pedro Comestor, o «mestre» Pedro  
*Speculum historiale*, Vicente de Beauvais  
*Pharsalia*, Lucano  
*Estoria de Hércules*  
*Historiae adversum paganos*, Paulo Orosio  
*Naturalis historia*, Plinio  
*Breviarium ab urbe condita*, Eutropio  
*Estoria romana*, Paulo Diácono  
*Historia miscella*, Paulo Diácono  
*Chronicon Mundi*, Lucas de Tui

*Crónica silense*  
*Historia Pseudoisidoriana*  
*Chronographia*, Sixeberto de Gembloux  
*M. Antoninus Philosophos*, Xulio Capitolino  
*Chronica*, Sulpicio Severo  
*Chronica*, Pelaio de Oviedo  
*De summa temporum*, Xordanes  
*De origine actibus Getarum*, Xordanes  
*Aelius Verus*, Elio Esparciano  
*Rerum Romanorum*, Dion Casio  
*Commodus Antoninus*, Elio Lompridio  
*Divus Aurelianus*, Flavio Vopisco  
*Carus*, Flavio Vopisco  
*Chronicon pontificum et imperatorum*, Martiño de Opava  
*Historia ecclesiastica*, Eusebio e Rufino  
*Historia ecclesiastica tripartita*, Casiodoro  
*Liber regum*  
*Chronicon Lusitano*  
*Anales toledanos primeros*  
*Liber Sancti Iacobi*, anónimo  
*Historia romana*, Aurelio Víctor  
*De Caesaribus*, Aurelio Víctor  
*Historia de los Césares*  
*Crónica del moro Rasis*, Ahmad ibn Muhammad al-Razi  
*Libro de los caminos y de los reinos*, Abu 'Ubayd al-Bakri  
*Margarite Marium (...)* de Terrarum Aegyptiorum, Ibrahim Ibn Wasif Sha al-Misri  
*Historia de Valencia*, Ibn 'Alqama  
*Epitome historiarum Philippicarum*, Pompeo Trogo e Marco Xuniano Xustino  
*Cantar de Mio Cid*, anónimo  
*Historia Roderici*  
*Mainete*, anónimo  
*Cantar del Bernardo del Carpio*, anónimo  
*Leyenda de Cardeña*, anónimo  
*Cantar de la mora Zaida*, anónimo  
*Cantar de la condesa traidora*, anónimo  
*Romanz del Infant Garcia*, anónimo  
*Cantar de los infantes de Lara*, anónimo  
*Cantar de don Fernando*, anónimo  
*Cantar de Sancho II/Cerco de Zamora*, anónimo  
*Poema de Fernán González*, anónimo  
*Libro de Alexandre*, anónimo  
*Actas de los Concilios*  
*Traducción ampliada del Toledano*  
*Liber mineralibus*, Alberte o Magno  
*Ghayat al-Hakim (Picatrix)*  
*Liber Razielis*  
*Libro de la ochava esfera*  
*Libro conplido en los iudizios de las estrellas*  
*Libro de las constelaciones*, Abderramán al-Sufi  
*Tetrabiblos*, Ptolomeo

*Cánones*, Al-Battani  
*Kitab al-bari*, Abenragel  
*Libro de las cruces*, 'Ubayd Allah b. Jalaf al-Istiji  
*Alcora*, Qusta ibn Luqa  
*Açafeha*, Azarquiel  
*Les Miracles de Nostre Dame*, Gautier de Coincy  
*Liber Mariae*  
*De miraculis Beatae Virginis*  
*De miraculis B. Virginis Mariae*, Gualterio  
*Liber Miraculorum Sanctae Mariae Rupe Amatoris*  
*Libellus de miraculis Beatae Mariae Virginis in urbe Suesionensi*, Hugo Farsitus  
*Ave Maris Stella*, Venancio Fortunato  
*Dialogus miraculorum*, Cesario de Heisterbach  
*Miracles de Notre-Dame de Chartres*, Jean Le Marchant  
*Liber Iudiciorum*  
*Leyes de la Iglesia*  
*Libro del acedrex, dados e tablas*  
*Conquista de Valencia*, Ibn 'Alqama  
*Escala de Mahoma*  
*Calila e Dimna*  
*Libros de los secretos de la naturaleza*  
*Libro de los secretos (Séfer HaRazim)*  
*Exemplario contra los engaños del mundo*  
*Libro de la montería*  
*Poridat de las poridades*  
*El Corán*  
*El Talmud*  
*De inventione*, Cicerón  
*Instituto oratoria*, Quintiliano  
*Rhetorica ad Herennium*, Quintiliano  
*Collationes Patrum*, Xoán Cassiano  
*As Xeórxicas*, Virxilio  
*As Bucólicas*, Virxilio  
*De consolatione philosophiae*, Boecio  
*In categorías Aristotelis*, Boecio  
*Epístolas*, Ovidio  
*L'Ovide moralisé*  
*Comentario al «Sueño de Escipión» de Cicerón*, Macrobio  
*Historia de los reyes*, Isidoro o Menor  
*Ars grammatica*, Donato  
*Barbarisio*, Donato  
*Tebaida*, Estacio  
*Institutiones grammaticae*, Prisciano  
*Liber illustrium virorum*, san Xerome  
*De viris illustribus*, santo Isidoro  
*Etymologiae*, santo Isidoro

Obras doutros autores:  
 Ibn al-Samh  
 Abu Said 'Ubayd Allah  
 Azarquiel



## GALICIA: MÚSICA MEDIEVAL E UNIVERSO SONORO



### O SENTIDO MÁIS IMPORTANTE PARA O ENTEDEMENTO É O OÍDO

*E commoquier que estos cinco sentidos sean todos muy buenos, e los sabios antiguos fablassen en ellos, e departiessen de cada uno las bondades que en él havia, en fin tovieron que el oyr es más necessario al saber e entendimiento del hombre; porque aunque el ver es muy buena cosa, muchos hombres fueron que nascieron ciegos, e muchos que perdieron la lumbré después que nascieron, que deprendieron e supieron muchas cosas e ovieron su sentido complidamente. E esto les causó el oyr, que oyendo las cosas e faziéndogelas entender, las deprendieron tan bien e mejor como otros muchos que ovieron sus sentidos complidos. E muchos otros que tuvieron los otros sentidos complidos, e por el oyr que les faltó, perdieron el entendimiento, e algunos dellos la habla; e no supieron ninguna cosa, e fueron assi como mudos. E demás, por el oyr conosco hombre a Dios e los santos, e las otras cosas muchas que no vio, assí como si las viesse.*

*Gran conquista de ultramar, 1, 1-2*



Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. 1, 118r) | S. XIII





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tit. I, 15v) | S. XIII

## A MÚSICA DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

A lírica das culturas medievais e, en concreto, o repertorio mariano afonsino viven nun mundo oral. Se a isto lle engadimos a vontade relixiosa e exemplar de Afonso X, non nos debe estrañar a utilización voluntaria de elementos da liturxia cristiá medieval para caracterizar os textos con ecos melódicos litúrxicos, connotativos para un público cristián medieval. A composición musical das *Cantigas de Santa María* ten como trazo particular a existencia dunha vontade intertextual e intermelódica, tanto da lírica relixiosa como da profana.

*Este é o Prologo das Cantigas de Santa Maria, ementando as cousas que á mester eno trobar.*

*Porque trobar é cousa en que jaz entendimiento, poren queno faz á-o d'aver e de razon assaz, per que entenda e sábia de dizer o que entend' e de dizer lle praz, ca ben trobar asi s'á de ffazer.*

Prólogo ás *Cantigas de Santa María*

Tradición trobadoresca familiar

*Era muy sabidor de caçar toda caça; otrosí de jugar tablas e ascaques e otros juegos buenos de muchas maneras; e pagándose de omnes cantadores e sabiéndole él fazer; et otrosí pagándose de omnes de corte que sabían bien trobar e cantar, e de joglares que sopiesen tocar instrumentos; ca desto se pagaua él mucho e entendía quién lo fazía bien e quién non.*

Afonso X (1984): *Setenario*, ed. de K. H. Vanderford, Barcelona, Crítica, 13


## TROBADOR

Para definir a lírica trobadoresca hai que partir da etimoloxía de *trobador*, do latín *tropare*, que significa «facer e componden “tropos”»: composición textual e musical fundamentada na adaptación de melodías preexistentes a textos novos, sistema que se basea na amplificación, substitución e complementación de estruturas e frases melódicas a partir dunha melodía base. Este modo de composición, documentado desde o século IX e, por conseguinte, anterior á lírica monódica cortesá, é o precedente e o modelo construtivo da lírica dos trobadores, tanto para a música como para o texto. Esta imitación convértese nunha metalinguaxe só para expertos, os «entendedores», e, xa que logo, existen diferentes niveis de recepción en función da capacidade de identificar os modelos imitados e a súa incidencia no contido das poesías.

## MÚSICA TROBADORESCA CORTESÁ GALEGA MEDIEVAL

A música composta por Afonso X e por trobadores galegos como Martín Códax, ou don Dinís, é monódica, é dicir, conta cunha única melodía, fronte á polifonía, que ten dúas ou máis melodías que se cantan ao mesmo tempo. A unidade melódica é a estrofa e a mesma música vai repetíndose en cada nova estrofa. É neste punto no que texto e música son independentes, de maneira que o aspecto métrico se converte no vencello formal de unión entre o texto e a música. A orixe musical deste repertorio está na tradición relixiosa medieval. Trátase, pois, dunha música culta e, ao igual que no caso dos textos, é pouco probable unha influencia dos repertorios populares, malia tal afirmación a favor ou en contra, hoxe, ser de todo indemostrable. Tradicionalmente, cando se abordou a música dos trobadores, apareceu como problema principal o da transcripción do ritmo das melodías, para se desbotaren cuestións tan importantes como a opción melódica do compositor/trobador ou a interpretación práctica deste repertorio. Da música medieval con texto galego chegaron ata nós unhas catrocentas melodías diferentes do repertorio mariano atribuído ao rei castelán Afonso X, seis cantigas de amigo do trobador Martín Códax nun único manuscrito, o Pergameo Vindel, e sete cantigas de amor, en estado fragmentario, de don Dinís, conservadas no Pergameo Sharrer. A investigación deste exiguu repertorio cortesán é, por razóns de contemporaneidade, transmisión e xénero musical, interdependente dos estudos do repertorio mariano das *Cantigas de Santa María*. O repertorio musical mariano afonsino é o gran «corpus» monódico medieval, con proxección internacional xa na Idade Media, polos recursos intertextuais e intermelódicos —tanto litúrxicos como trobadorescos— que se utilizaron na súa composición.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 83r) | S. XIII

## MÚSICA SALMÓDICA

Unha das constantes melódicas de orixe litúrxica citadas nas *Cantigas* é a salmodia. Nas cantigas aparecen mencións aos salmos en diferentes textos, como na cantiga 347, *A Madre de Jhesu-Cristo, / o verdadeiro Messias* (v. 41). No mesmo texto infórmanos de que o mesmo Rei Sabio puido compoñer a música.

Outras cantigas nas que aparece unha mención aos salmos son a 419, *Des quando Deus sa Madre / aos ceos levou* (v. 75), e tamén a cantiga 111, *Santa María e sacó-o do rio* (vv. 34-37). Quizais unha das citas máis interesantes sexa a da cantiga 56, *Gran dereit' é de seer*, na cal se achán referencias a textos dos salmos (vv. 34-39), e a poesía acláranos que o defunto compoñía loanzas con textos e melodías de tipo salmódico.

## PALEOGRAFÍA E TRANSCRICIÓN

A musicoloxía tradicional dedicou os seus maiores esforzos a descifrar ritmicamente unha notación musical que a primeira vista parece semimensural. A transcripción a partir dos modos rítmicos da polifonía subverte a natureza da monodia cortesá e litúrxica medieval. Tampouco o sistema que lle atribúe á sílaba un tempo fixo cuantificado funciona, xa que contravén o elemento prosódico do texto. A notación da monodia galega, sobre todo do corpus mariano, parece ter trazos de semimensurabilidade; non obstante, tal como estudou Robert Lug, non implica periodicidade nin regularidade rítmica ningunhas e cabe pensar que se encontre nun estadio intermedio máis próximo ao ritmo libre prosódico que ao ritmo dos modos polifónicos. Toda interpretación terá que respectar o ritmo prosódico textual coas indicacións semimensurais da notación musical, de tal xeito que cada estrofa contará co seu ritmo en función da acentuación do texto e a prosodia do verso.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 118r) | S. XIII



## INSTRUMENTOS MUSICAIS

A presenza gráfica de instrumentos en manuscritos das *Cantigas de Santa María*, especialmente no *Códice de los músicos*, así como as diferentes fases do estudo organográfico e organolóxico levado a cabo en pórticos de igrexas galegas (catedral de Santiago de Compostela, igrexa de San Martiño de Noia...), converten este repertorio nun elemento idóneo para conectar o universo sonoro medieval coa cultura medieval e tradicional galega. Non chegou ata nós anotación ningunha de acompañamento musical; non obstante, sabemos que os trovadores e os xograres se acompañaban con instrumentos de corda con arco ou pulsada, como a viola ou o rebec, a mandora... Os teóricos medievais son pouco explícitos sobre os instrumentos e a súa utilización na música monódica, pero os escasos documentos con que contamos indican que era habitual cantar sen instrumentos, ou se tocaba o instrumento cando non se cantaba, e seguramente a melodía que se tocaba nos instrumentos era a mesma que o trobador ou xogar cantaba.



Luciano Pérez Díaz (L. P.)  
Colección de Instrumentos Musicais e Arquivo  
Documental do CENTRAD

## AS FONTES DOCUMENTAIS

A reconstrución de instrumentos musicais do pasado require un labor de investigación apoiado en estudos de organólogos, filólogos, músicos, mestres artesáns e historiadores da arte; a esta sinerxía súmase o manexo das varias fontes documentais que temos ao noso dispor. Nunha época na que non existía a musicoloxía como disciplina científica, debemos recorrer a ciencias auxiliares para nos enfrentarmos ás carencias de cada unha delas por separado: as literarias non achegan descrições e acostuman referirse con diferentes denominacións a un mesmo instrumento segundo o autor; é certo que a arqueoloxía medieval sacou á luz algúns fragmentos cerámicos, pero só de tambores e asubíos; destacan, logo, a escultura e a pintura, con dous centros sen parangón, o conxunto catedralicio compostelán e o rico e variado repertorio das miniaturas afonsinas. Entre os dous reúnen un completo catálogo das distintas familias instrumentais dos séculos XII e XIII e proporcionánnos, daquela, unha ocasión única para a reconstrución, nunca un facsímile, destes instrumentos.

O seu estudo comparado revela aspectos decisivos na toma de decisións. Un caso evidente constitúeo o conxunto das sete violas esculpidas no Pórtico da Gloria, que facilita unha visión desde todos os ángulos. O acentuado escavado exterior dos laterais, facendo dobre curva coa caixa harmónica, non se consegue moldeando a madeira e, nas cítolas, a complexidade na

configuración da caixa, con diversos e variados ángulos, todos cun escuadro diferente, fai moi difícil a súa construción con pezas separadas. Outro elemento moi importante para o son, que non está rexistrado na iconografía, é a tapa harmónica, que pode ser plana ou alombada e case sempre está construída con madeiras brandas como o tileiro ou o cedro; pode ser, nalgúns casos, unha combinación con pel.

Fronte á posición sedente na escultura, co instrumento apoiado sobre as pernas, nas miniaturas os músicos están representados en actitude máis natural e en distintos contextos: na corte, en plena natureza, como solistas, a dúo e en pequenos conxuntos instrumentais formados por cantores e entre tres e cinco instrumentistas que, nalgunha ocasión, acompañan un baile. Estas escenas ilustran o uso e a función que desempeñaban os instrumentos musicais na corte, pero tamén nas diferentes capas da vida social, e poñen de manifesto a permeabilidade entre culturas e entre a corte e o pobo. Acompañanse dun compendio de composicións no que destaca, para Galicia, a canción 77, *Da que Deus mamou...*, que narra o milagre da Virxe María na súa igrexa de Lugo. Este repertorio, con variadas temáticas, descóbrenos a súa vitalidade e a tesitura requirida nos instrumentos musicais.



## A REPRESENTACIÓN DOS INSTRUMENTOS

En total, máis de cen músicos representados interpretando con instrumentos en moitos casos semellantes, aínda que ás veces se achegan particularidades diferenciadas e significativas no número e disposición de cordas, tamaños e detalles ornamentais e organolóxicos. Entre todos eles, destacamos algúns exemplos segundo a súa tipoloxía. No que atinxe aos escasos instrumentos idiófonos representados, son notables a cantiga 330, na que se ven unhas tarrañolas, e a 400, cun carillón composto por sete campaiñas das que pendura, no badalo, a nota correspondente á súa afinación A-G. Dentro dos instrumentos de membrana, un bo exemplo constitúeno dous grandes tambores na cantiga 165 do códice T.I.I; son instrumentos construídos probablemente en metal e con forma semiesférica para facilitar o transporte e a interpretación a cabalo, e contrastan o de tamaño maior, co parche octogonal, e o máis pequeno, coa habitual forma circular.

A familia dos instrumentos de vento é considerable e conta con representación das tres variedades principais: de boquilla son numerosas as grandes trompetas rectas e figuran, así mesmo, dous olifantes na cantiga 260; con bisel, algunhas frautas de pico e travesas e un fermoso órgano portátil na cantiga 200; as lingüetas son as que emiten a sonoridade coas súas vibracións en certos instrumentos e poden ser simples ou dobres segundo a sección interior do tubo sonoro. Destacan tres miniaturas con gaitas e, particularmente, a da cantiga 350, que presenta varios tubos sonoros obxecto dun estudo e reconstrución por parte do investigador e mestre artesán Pablo Carpintero.

A representación de cordófonos é a máis abundante, con gran variedade de formas externas e técnicas de interpretación. Salvo instrumentos percutidos, podemos ver unha extensa mostra de salterios punteados cos dedos ou cun plectro e dous grandes laúdes na cantiga 30, con cordas simples un e o outro coas primeiras ordes de cordas dobres, que se irían ampliando co tempo; destaca a arpa angular da miniatura que recolle o *Libro del acedrex, dados e tablas*. Das escasísimas zanfanas conservadas en pintura, a da cantiga 160 constitúe un documento único, con dous instrumentistas que xa manexan, en solitario, o instrumento; organoloxicamente son semellantes salvo na decoración. A persoa da esquerda, con zanfona decorada en espiga, ben podería ser unha muller que dirixe a interpretación. Predominan os instrumentos fretados con arco, e as violas, en particular, están representadas, como en todos os casos, nunha situación de interpretación; destacan as chamadas de brazo, con instrumentos perfectamente trazados e que resultan moi coherentes no seu conxunto. Un aspecto que podería pasar desapercibido radica na representación da quinta corda polo exterior do mastro; un bo exemplo pode ser a cantiga 120 do códice T.I.I, na que se aprecia a ponte externa no caravilleiro. Chaman a atención a miniatura da cantiga 100, na que podemos ver unha viola oval tocada verticalmente sobre o xeonllo, e os grandes arcos das cantigas 1 e 20.

(L. P.)

O rebaixe dunha tapa harmónica é o resultado de combinar a natureza da madeira coa axeitada distribución de espesores para acadar unha boa resposta acústica. Vista interior.



## GALICIA E A RECONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS

Deste cosmopolitismo musical, na corte de Afonso X e na cidade de Santiago de Compostela, con peregrinos, músicos e artistas chegados de toda Europa, perduran na cultura popular e tradicional algúns vestixios e información de gran valor para a historia da música que facilitan a súa conexión. Galicia é pioneira no desenvolvemento de proxectos multidisciplinares desde que o padre Calo e Carlos Villanueva, co financiamento da Fundación Barrié de la Maza, iniciaran estes traballos arqueomusicais. Os obradoiros institucionais da Deputación de Ourense e, moi particularmente, da de Lugo, cunha longa traxectoria desde a súa fundación no ano 1951, lograron recuperar a maior colección de Europa de réplicas dos séculos XII e XIII, que se poden ver na Colección de Instrumentos Musicais e Obxectos Sonoros e no Arquivo Documental do CENTRAD. Tales proxectos contribuíron como ningún outro ao coñecemento das músicas e instrumentos deste tempo de grandes innovacións e cambios tecnolóxicos, porque os trobadores daquela época xa requirían un instrumento musical eficaz.

(L. P.)





## ORGANISTRO

É o primeiro instrumento en utilizar unha roda para fretar as cordas, grazas ao cal proporciona un son continuo e evita os cambios dun arco. Co instrumento apoiado nas pernas, un músico xira o manubrio mentres outro tira das teclas coas dúas mans. En Galicia contamos con, polo menos, tres magníficas representacións escultóricas datadas entre os séculos XII e XIII. Na súa construción, dependendo da fonte documental, emprégase a técnica de escavado ou sérranse polo interior os laterais da caixa e úsanse pezas talladas e ensambladas por separado para o fondo, a tapa harmónica e o caravilleiro. As madeiras usadas son a de cerdeira para o corpo, ciprés na tapa harmónica e nogueira en sección transversal para a roda, buscando así a maior homoxeneidade posible no poro por mor do fretado coas cordas.



Detalle do Pórtico do Paraíso, catedral de Ourense | S. XIII

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Pórtico do Paraíso, catedral de Ourense. S. XIII.

Cursos do obradoiro-Escola de Instrumentos Musicais da  
Deputación de Ourense, coordinados por Manuel Brañas. 2019.

Alejandro Dapena, Carlos Castro, Eloi Dávila, Luís Borrajo,  
Manuel Fernández, Octavio Gavilán, Pedro Cao, Ventura  
Rodríguez e Xan Losada, baixo a dirección de Luciano Pérez.

## ZANFONA

Constitúe o primeiro modelo evolucionado do organistro, cunha caixa rectangular que, ademais de amplificar o son, alberga o teclado. A principal novidade deste novo instrumento consiste no cambio de posición do teclado, que pasa de ser de tracción a estar pensado para que se pulse cada tecla cun só dedo. Son varios os nomes que se recollen deste cordófono nas fontes literarias, dos que abunda o que soa a música, *symphonia*. Tivo unha grande implantación en diferentes países europeos e, despois de pasar polas mans de cegos e mendigos, aos que lles debemos a súa conservación, chega aos nosos días con exemplares de alta tecnoloxía. Da primitiva construción con pezas serradas e ensambladas, evolucionou na actualidade a unha disociación de madeiras duras e brandas e xa moldeadas con calor.




Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Cantiga 160 do códice B.I.2, fol. 154v. Ca. 1265.

Cursos do obradoiro-Escola de Instrumentos Musicais da  
Deputación de Ourense, coordinados por Manuel Brañas. 2018.

Abel Fernández, Blanca Besteiro, Carlos Castro, Manuel Iglesias,  
Octavio Gavilán, Ventura Rodríguez e Xan Losada, baixo a  
dirección de Luciano Pérez.







Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME

## ROTA

Aparece representada, con moita frecuencia, na escultura en pedra coa característica forma triangular. Destaca, de maneira significativa, a miniatura da cantiga 40 ao presentar dous instrumentos enfrontados, o que nos permite unha visión case tridimensional. Habitualmente, as cordas destes instrumentos, que discorren en paralelo á caixa harmónica, van apoiadas nela por medio dunha ponte independente para transmitir as vibracións; neste caso, aprovéitase o encaixe entre a sección escavada para amarrar as cordas e a caixa harmónica principal, que está construída con pezas independentes e situada entre as dúas ordes de cordas. Este instrumento está elaborado con madeiras de cerdeira e abeto branco.

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Pórtico do Paraíso, catedral de Ourense. S. XIII.

CCursos do obradoiro-Escola de Instrumentos Musicais da  
Deputación de Ourense, coordinados por Manuel Brañas. 2019.

Alejo Marra, Israel Martínez, Pedro Cao, Xan Losada e Manuel  
Iglesias, baixo a dirección de Francisco Luengo.







## CÍTOLA

Este instrumento de corda punteada cos dedos ou cun plectro, ao estilo dunha guitarra, constrúese esculpindo un só bloque de madeira. Comézase tallando o exterior para darlles forma á caixa harmónica, ao mastro e ao caravilleiro. A continuación, baléirase o interior e déixanse as paredes só coa madeira suficiente para soportar as tensións estruturais e conseguir a amplificación do son. A tapa harmónica tállase nunha peza separada para a distribución dos diferentes espesores, tendo en conta a natureza da madeira e a propagación das vibracións. Está construída en madeira de pereira e cedro do Líbano.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Ménsula do Pazo de Xelmírez, conxunto catedralicio  
compostelán. Ca. 1250.

Obradoiro de instrumentos musicais da Deputación de Lugo;  
Antonio Franco, John Wright. 1997.

Proxecto de investigación e reconstrución dirixido por  
Luciano Pérez, Colección de Instrumentos Musicais e Arquivo  
Documental do CENTRAD.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME

## VIOLA DE BRAZO

É o instrumento máis popular en Europa e, con lixeiras modificacións, o que máis perdura no tempo. A súa construción pode ser monóxila ou con pezas talladas e ensambladas. Todo o corpo está elaborado con madeira de cerdeira e a tapa harmónica en cedro do Líbano; a natureza desta madeira proporciona unha boa resposta mecánica e acústica que, xunto coa axeitada distribución de espesores, moi estudada por John Wright, compensa a ausencia de alma. Destaca a riqueza sonora que achega a quinta corda, colocada polo exterior do mastro a modo de bordón. Un tratado de música de ca. 1280 menciona tres tipos de afinacións para estes instrumentos e unha, especificamente, para violas con bordón.

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Músicos 1-2 do Pórtico da Gloria, conxunto catedralicio  
compostelán. 1188.

Obradoiro de instrumentos musicais da Deputación de Lugo;  
Antonio Franco, John Wright. 1997.

Proxecto de investigación e reconstrución dirixido por  
Luciano Pérez, Colección de Instrumentos Musicais e Arquivo  
Documental do CENTRAD.





Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME

## ARPA

A arpa, xunto coa lira, foi un dos instrumentos de cordas ao aire máis comúns na antigüidade; no caso das arpas, con cordas perpendiculares á tapa harmónica e amarradas a ela para transmitiren as vibracións. Nas miniaturas das *Cantigas de Santa María* podemos ver como coexisten os dous modelos habituais: un angular con só dous lados e outro composto por unha caixa harmónica, un caravilleiro e unha columna que sostén o conxunto. Fronte á maneira máis corrente na súa construción como simple forma triangular, coa consola centrada sobre a liña de cordas, este instrumento experimenta cun desvío desta para que as cordas queden perpendiculares á caixa, ao estaren amarradas directamente nos extremos das caravillas, o que dota o instrumento dunha estrutura máis estable. Na cantiga 380 podemos apreciar como a feitura da caixa harmónica conta cun tipo de construción monóxilo.

INSTRUMENTO DE REFERENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN  
Músico 19 do Pórtico da Gloria, conxunto catedralicio  
compostelán. 1188.

Obradoiro de instrumentos musicais da Deputación de Lugo;  
Antonio Franco, John Wright. 1993.

Proxecto de investigación e reconstrución dirixido por  
Luciano Pérez, Colección de Instrumentos Musicais e Arquivo  
Documental do CENTRAD.






### FRAUTA E TAMBOR

A frauta vai sempre acompañada dun pequeno tambor que se percute coa man dereita. Pode ter oito ou nove furados, dos que só se utilizan cinco para unha tesitura de case dúas oitavas. Tradicionalmente, é construída en madeira de buxo ou de breixo nun torno mecánico; nesta época utilizábase un sinxelo torno de vaivén que podemos ver na miniatura do *Libro del acedrex, dados e tablas*, hoxe aínda en uso no norte de África. A figura dun só músico interpretando con dous instrumentos permanece como conxunto popular e tradicional en numerosos puntos da Península Ibérica. En Galicia, consérvase un magnífico relevo en madeira policromada na igrexa parroquial de Santa María de Meiraos, en Lugo.

Pau Orriols, Vilanova i la Geltrú. 2019.




Afonso X, *Cantigas de Santa María* | S. XIII | RBME



# CONVERSAS SOBRE O REI SABIO

## ENTREVISTAS



Entrevistas a diferentes artistas e especialistas no patrimonio afonsino e Galicia que o abordan e comentan nas súas diferentes dimensións (histórica, xurídica, literaria, musical etc.)







## HENRIQUE MONTEAGUDO

Catedrático das filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela e investigador do Instituto da Lingua Galega. Foi profesor convidado nas universidades de Nova York (CUNY), Lisboa (UL), Bos Aires (UBA), California (UC Santa Barbara) e São Paulo (USP). Foi secretario do Consello da Cultura Galega (1999-2010) e desde 2013 é da Real Academia Galega. Director de *Grial. Revista galega de cultura*. Nas súas investigacións tocou temas de historia da lingua, sociolingüística e glotopolítica, ademais de editar textos de autores galegos medievais e modernos. Publicou numerosos traballos sobre a lírica trobadoresca galego-portuguesa, con atención especial aos aspectos filolóxicos, como «Ortografía alfonsí? Para a análise grafemática dos testemuños poéticos en galego da segunda metade do século XIII» (2008), «Nas orixes da lírica trobadoresca galego-portuguesa» (2013),

«“Cuita grand’e cuidado” (A 32) / “Coita grand’e coyado” (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneros trobadorescos» (2013), «Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneros galego-portugueses» (2015), «Mirar o mar. A singularidade de Martin Codax» (2018), «Variación scriptolingüística e tradición manuscrita da lírica trobadoresca: As variables <nh/n> e <ss/s>» (2019), «Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (séculos XIII-XIV): os clíticos me/mi e lle/lhi e outras formas en <-e> final» (2019) e «Para a análise grafemática da *\*Recompilación tardía* (*\*Livro das cantigas*)» (2020).

ENTREVISTA  
Henrique Monteagudo / Antoni Rossell





## HELENA DE CARLOS VILLAMARÍN

Profesora titular de Filoloxía Latina na USC, especializada en literatura latina medieval mediante dúas liñas de investigación primordiais: a materia de Troia na Idade Media e a historiografía hispana tardoantiga e medieval. Membro do grupo de investigación SÍNCRISIS da USC, é directora de *Troianalexandrina: Yearbook of Classical Material in Medieval Literature* (Brepols Publishers) e autora de artigos en revistas internacionais, así como de libros, entre os que destacan, para o tema que nos ocupa, *Las Antigüedades de Hispania* (Spoleto, CISAM, 1996); «Interpreting the Past: Some Medieval Texts on Trojan Matter», *The Journal of Medieval Latin*, 18 (2008), 101-116; «À l'ombre de Troie: les villes de Tolède et Pampelune dans le Codex de Roda», *Cahiers de civilisation médiévale*, 51 (2008), 129-142; *La versión de Excidium Troie de un códice toledano (Madrid, BN MS 10046)*, Papers of the

Medieval Hispanic Research Seminar, 70 (Queen Mary University of London, 2012); «The *Sermo adversus Iudaeos* of Quodvultdeus in manuscript Paris, BNF, lat. 8093», *Revue d'Histoire des Textes*, 15 (2020), 237-248, ou «Rodrigo Jiménez de Rada y la compilación historiográfica del códice de Bamberg Hist. 3», *Traditio*, 74 (2019), 1-22. Así mesmo, reflexionou sobre os proxectos historiográficos desenvolvidos no medievo en territorio hispano e os presupostos ideolóxicos que os animaron. Principal atención merece, a este respecto, a visión que tales obras ofrecen do pasado mítico da Península, dos heroes fundadores e da representación do período previo á conquista romana, así como o diálogo que se establece cos textos antigos na configuración dese imaxinario.

ENTREVISTA  
Helena de Carlos Villamarín / Antoni Rossell







### EDUARDO CEBREIROS ÁLVAREZ

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1992) e doutor en Dereito pola Universidade da Coruña (1997) tras a defensa da tese de doutoramento titulada *El municipio de Santiago de Compostela a finales del Antiguo Régimen (1759-1812)*, publicada, con algunhas variantes, en 1999. Profesor titular de Historia do Dereito e das Institucións na Universidade da Coruña desde o ano 2002. Desde 2005 vén participando ininterrompidamente en proxectos de investigación subvencionados polo Goberno de España, con temática diversa. Foi vicedecano da Facultade de Dereito entre 2005 e 2013. Avaliador externo de diferentes revistas como *Ius Fugit*, *Iura Vasconiae* ou *Mis-*

*cellanea Historico-Juridica*. A súa liña preferente de investigación é a das institucións político-administrativas do Antigo Réxime, aínda que trata tamén outros ámbitos, como o *ius commune* ou a historia das universidades.

ENTREVISTA  
Eduardo Cebreiros Álvarez / Antoni Rossell





## CARLOS NÚÑEZ

É unha figura sobranceira da música celta, xénero que considera histórico, froito de contactos atlánticos de *longue durée*. Os seus instrumentos principais son as gaitas —coñece en profundidade e toca todas as atlánticas— e as frautas de pico, nas que ten formación clásica. Desde neno viviu de xeito natural a relación entre música e instrumentos tradicionais e medievais en Galicia. Nos últimos anos publicou un par de libros sobre estes asuntos e profundou —xunto a grandes da música antiga e das músicas tradicionais— na interpretación das *Cantigas* desde unha perspectiva atlántica, menos exótica e con menos documentación escrita que a mediterránea e quizais por iso menos explorada.

ENTREVISTA  
Carlos Núñez / Antoni Rossell








### ELVIRA FIDALGO

Catedrática de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Realizou labores de edición e estudo da poesía medieval galego-portuguesa, esencialmente no relativo ás *Cantigas de Santa María*. Publicou numerosos artigos en distintas revistas especializadas, nacionais e estranxeiras, así como capítulos en volumes de temas diversos, pero sempre relacionados co ámbito da poesía profana e da poesía relixiosa medieval galego-portuguesa; entre eles, os seguintes: «La gestación de las *Cantigas de Santa María* en el contexto de la escuela poética gallego-portuguesa», *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, 2013, 17-42; «Las *Cantigas de Santa María* de Alfonso X, el Sabio», en *Los sonidos de la lírica medieval hispánica* (Carmen Armijo, Cristina Azuela e Manuel Mejía, eds.), México, D. F., Universidad Nacional Autónoma de México, 2013, 117-161; «El público de las *Can-*

*tigas de Santa María*. Algunas hipótesis sobre su difusión», en *Estudis sobre pragmática de la literatura medieval* (Gemma Avenoz, Meritxell Simó e M<sup>a</sup> Lourdes Soriano, eds.), València, Publicacions de la Universitat de València, 2017, 141-158; «Milagros de Santa María en el camino de Santiago», en «*Maria*» y «*Jacobus*» en *los Caminos Jacobeos* (Adeline Rucquoi, ed.), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2017, 369-385, e «Animales de simbología negativa en las *Cantigas de Santa María*», en *Monde animal et végétal dans le récit bref du Moyen Âge* (Hugo O. Bizzarri, ed.), Wiesbaden, Reichert Verlag, 2018, 233-249.

ENTREVISTA  
Elvira Fidalgo / Antoni Rossell





## FRANCISCO PRADO-VILAR


Director de proxectos no Real Colexio Complutense en Harvard e director científico do Programa A. W. Mellon para o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Foi membro e coordinador do comité científico da restauración do Pórtico da Gloria desde os seus inicios en 2008. Licenciouse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela co premio extraordinario de licenciatura, tras o cal obtivo os títulos de mestrado e doutoramento pola Universidade de Harvard, para despois exercer postos investigadores e docentes nas universidades de Princeton e Londres, na Complutense e, máis recentemente, en Stanford, onde foi *Burke Visiting Professor*. Foi membro do Comité do Selo de Patrimonio Europeo da UE e comisariou exposicións como *El Pórtico de la Gloria. Restauración y descubrimientos*. Entre as bolsas e premios internacionais que recibiu, cabe destacar

os seguintes: bolsa Charles Eliot Norton, bolsa A. W. Mellon, dúas bolsas Aga Khan e Premio de Harvard á Excelencia no Ensino. Publicou extensamente sobre a arte das *Cantigas de Santa María* e a cultura visual do reinado de Afonso X, con artigos de alto impacto como «The Parchment of the Sky: Poiesis of a Gothic Universe», «The Gothic Anamorphic Gaze: Regarding the Worth of Others», «*Iudeus sacer*: Life, Law, and Identity in the “State of Exception” called “Marian Miracle”» ou «Sombras en el Palacio de las Horas: arte, magia, ciencia y la búsqueda de la felicidad».

ENTREVISTA  
Francisco Prado-Vilar / Antoni Rossell







## GALICIA E AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA DE AFONSO X



### ESCOITA AS CANTIGAS (PREME NA ICONA DE CADA PÁXINA)

*Galicia e as Cantigas de Santa María*, Antoni Rossell e G. Courtly Music Consort, editado polo Consello da Cultura Galega, 2006. (Reeditado por Columna Música, 2017, Premio Enderrock ao mellor CD de música clásica)



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 145r) | S. xiii



# CSM 100

## CANTIGA DE LOOR

### Santa María, Strela do día

*Santa María, Strela do día,  
mostra-nos via pera Deus e nos guía.*

#### I

Ca veer faze-los errados  
que perder foran per pecados  
entender de que culpados  
son; mais per ti son perdoados  
da ousadia  
que lles fazia  
fazer folia  
mais que non deveria.

*Santa María, Strela do día,  
mostra-nos via pera Deus e nos guía.*

#### II

Amostrar-nos debes carreira  
por gâar en toda maneira  
a sen par luz e verdadeira  
que tu dar-nos podes senlleira;  
ca Deus a ti a  
outorgaria  
e a querria  
por ti dar e daría.

*Santa María, Strela do día,  
mostra-nos via pera Deus e nos guía.*

#### III

Guiar ben nos pod' o teu siso  
mais ca ren pera Parayso  
u Deus ten senpre goy' e riso  
pora quen en el creer quisó;  
e prazer-m-ia  
se te prazia  
que foss' a mia  
alm' en tal compannia.

*Santa María, Strela do día,  
mostra-nos via pera Deus e nos guía.*

Tradución ao galego actual

*Santa María, Estrela do día,  
móstranos a vía cara a Deus e guíanos.*

#### I

Porque fas que os errados vexan que polos  
seus pecados perderon a conciencia de que  
son moi culpables; mais por ti son perdoados  
pola ousadía que lles facía facer loucuras, aínda  
que non debería.

*Santa María, Estrela do día,  
móstranos a vía cara a Deus e guíanos.*

#### II

Debes mostrarnos o camiño para asegurarnos  
de gañar a luz sen par e verdadeira que só ti  
nos podes dar; pois Deus a ti outorgaría e  
por ti querría[nola] dar e daría.

*Santa María, Estrela do día,  
móstranos a vía cara a Deus e guíanos.*

#### III

O teu siso é o que mellor nos pode guiar cara  
ao Paraíso, onde Deus ten sempre ledicia e riso  
para quen quixo crer nel; e praceríame, se che  
prouguese, que a miña alma estivese en tal  
compañía.

*Santa María, Estrela do día,  
móstranos a vía cara a Deus e guíanos.*



CSM 100  
Santa María, Strela do día [7:54]  
Recitado: Bieito Arias Freixedo,  
Universidade de Vigo

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME) | S. XIII





## CSM 77

CANTIGA QUE SE DESENVOLVE  
NA CIDADE DE LUGO

Da que Deus mamou o leite do seu peito

Esta é como Santa María sãou na sa ygreja en Lugo hũa moller contreita dos pees e das mãos.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é maravilla de sãar contreito.

## I

Desto fez Santa María miragre fremoso ena sa ygrej' en Lugo, grand' e piadoso, por hũa moller que avia tolleito o mais de seu corp' e de mal encolleito.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é maravilla de sãar contreito.

## II

Que amba-las suas mãos aissi s' encolleran, que ben per cabo dos onbros todas se meteran, e os calcannares ben en seu dereito se meteron todos no corpo maltreito.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é maravilla de sãar contreito.

## III

Pois viu que lle non prestava nulla meezinna, tornou-ss' a Santa María, a nobre Reynna, rogando-lle que non catasse despeyto se ll' ela fezera, mais a seu proveito...

## IV

...parasse mentes en guisa que a guareçesse, se non, que fezess' assi per que çedo morresse; e logo se fezo levar en un leito ant' a sa ygreja, pequen' e estreito.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é maravilla de sãar contreito.

Tradución ao galego actual

Esta é de como Santa María sandou na súa igrexa de Lugo a unha muller tolleita dos pés e das mans

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é marabilla que sande ao contrafeito.

## I

Disto fixo Santa María un milagre fremoso, grande e piadoso na súa igrexa de Lugo por unha muller que tiña o máis do seu corpo tolleito e encolleito polo mal.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é marabilla que sande ao contrafeito.

## II

Pois ambas as súas mans así se encolleran, que se meteran todas por cabo dos ombros, e os calcañares ben pola súa parte metéronse todos no corpo maltreito.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é marabilla que sande ao contrafeito.


## III

Pois viu que non lle prestava ningunha menciña, recorreu a Santa María, a nobre Raíña, rogándolle que non mirase o desgusto que ela lle puidese causar, mais que no seu proveito...

## IV

...parase mentes de tal xeito que a curase, e se non, que a fixese morrer pronto; e despois fíxose levar ante a súa igrexa nun leito pequeno e estreito.

Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é marabilla que sande ao contrafeito.



CSM 77

Da que Deus mamou... [10:19]

Recitado: Carlos Alvar, Universidade de Xenebra [Suíza]

Georges Kanazi, Universidade de Haifa [Israel]

Dorotea Bárcena (f), actriz

Afonso X, Cantigas de Santa María  
(Códice Rico, RBME, tit. 1, 114r) | S. XIII

AUDIO





**V**  
E ela ali jazendo fez mui bõa vida  
trões que ll' ouve merçee a Sennor conprida  
eno mes d' agosto, no dia 'scolleito,  
na sa festa grande, como vos retreito...

**VI**  
...será agora per min. Ca en aquele dia  
se fez meter na ygreja de Santa Maria;  
mais a Santa Virgen non alongou preyto,  
mas tornou-ll' o corpo todo escorreito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é maravilla de sãar contreito.*

**VII**  
Pero avêo-ll' atal que ali u sãava,  
cada un nembro per si mui de rig' estalava,  
ben come madeira mui seca de teito,  
quando ss' estendia o nervio odeito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é maravilla de sãar contreito.*

**VIII**  
O bispo e toda a gente deant' estando,  
veend' aquest' e oynd' e de rijo chorando,  
viron que miragre foi e non trasgeito;  
porende loaron a Virgen afeito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é maravilla de sãar contreito.*

**V**  
E xacendo alí ela fixo moi boa vida ata que  
a Señora cumprida lle fixo mercé no mes de  
agosto, o día escolleito, na súa festa maior,  
como agora...

**VI**  
...vos referirei. Pois naquel día fíxose meter na  
igreja de Santa María; mais a Santa Virxe non  
prolongou o preito, senón que lle tornou o  
corpo todo dereito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é marabilla que sande ao contrafeito.*

**VII**  
Pero aconteceu de tal xeito que alí onde  
sandaba, cada un dos membros estalaba moi  
forte, así como a madeira moi seca do teito,  
cando se estendía o nervio encolleito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é marabilla que sande ao contrafeito.*

**VIII**  
O bispo e toda a xente que estaba diante,  
vendo e oíndo isto e chorando a fío, viron que  
fora milagre e non engano, por iso loaron a  
Virxe a feito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é marabilla que sande ao contrafeito.*



## CSM 26

### MILAGRE DE PEREGRINAXE A SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Mui gran razon é que sábia dereito*

*Esta é como Santa María juigou a alma do romeu que ya a Santiago, que sse matou na carreira por engano do diabo, que tornass' ao corpo e fezesse pēdença.*

#### I

Mui gran razon é que sábia dereito quen Deus troux' en seu corp' e de seu peito mamentou, e del despeito nunca foi fillar; poren de sen me sospeito que a quis avondar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

#### II

Sobr' esto, se m' oissedes, diria dun joyzo que deu Santa María por un que cad' ano ya, com' oy contar, a San Jam' en romaria, porque se foi matar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

#### III

Este romeu con bōa voontade ya a Santiago de verdade; pero desto fez maldade que ant' albergar foi con moller sen bondade, sen con ela casar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

Tradución ao galego actual

*Esta é de como Santa María xulgou a alma do romeiro que ía a Santiago, que se matou no camiño por engano do diaño, para que voltase ao corpo e fixese penitencia.*

#### I

Moi razoable é que saiba actuar con acerto quen trouxo no seu corpo a Deus e do seu peito o aleitou, e del nunca recibiu desgusto; por iso sospeito que [el] lle quixo dar siso en abundancia.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre do que ha de xulgar a todo o mundo.*

#### II

Sobre isto, se me oisedes, contaría un xuízo que fixo Santa María a un que cada ano ía a Santiago en romaría, segundo oín contar, porque se matou.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre do que ha de xulgar a todo o mundo.*

#### III

Este romeiro con boa vontade ía a Santiago con auténtica fe; pero disto fixo maldade, porque se foi deitar cunha muller sen bondade, sen casar con ela.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre do que ha de xulgar a todo o mundo.*



CSM 26

*Mui gran razón é...* [13:22]

Recitado: Hans Joseph Niederehe, Universidade de Tréveris (Alemaña)

Ramón Lorenzo, Universidade de Santiago de Compostela

Mercedes Brea, Universidade de Santiago de Compostela

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. 1, 40v) | S. XIII





XXVIII

**E**sta é como seia mara ungon a alma  
do romeu que ya a santiago que esse ma  
con na carreira por engano do diabo que  
tomast' ao corpo. e fez esse pœrença .co.

On e gran con  
sa se sabe lon

ioyzo dar. a madre do que o mundo  
tod a de ioigar.

**N**on e gran razon  
é que sabia terreo. quen teus troux  
en seu corpe de seu feito. mamentou  
del desfeito. nunca foi fillar. por en  
te sen me sofrito. que a quis auon  
dar.

**N**on e gran cousa se sabe lon ioj  
zo dar. a madre do que o mundo tod a

de ioigar.

**N**obiesto sem oulides  
vria. dun ioyzo que deu santa ma  
ria. por un que cad ano ya. com oij  
contar. a san lam en romana. por  
que se foi matar.

**N**on e gran cou  
sa se sabe lon ioyzo dar.

**E**sto  
romeu con boa uoontate. ya a santi  
ago de uerdade. por desto fez malha  
te. que ant albergar. foi con meller  
sen bndate. sen coela casar.

**N**on  
e gran cousa se sabe lon ioyzo dar.

## IV

Pois esto fez, meteu-ss' ao camiño,  
e non sse mãesfestou o mesquiño;  
e o demo mui festiño  
se le foi mostrar  
mais branco que un armiño,  
polo tost' enganar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

## V

Semellança fillou de Santiago  
e disse: «Macar m' eu de ti despago,  
a salvaçon eu cha trago  
do que fust' errar,  
por que non cáias no lago  
d' iferno, sen dultar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

## VI

Mas ante farás esto que te digo,  
se sabor ás de seer meu amigo:  
talla o que trages tigo  
que te foi deytar  
en poder do ãemigo,  
e vai-te degolar.»

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

## VII

O romeiro, que ssen dovida cuidava  
que Santiag' aquilo lle mandava,  
quanto lle mandou tallava;  
poi-lo foi tallar,  
log' enton se degolava,  
cuidando ben obrar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

## IV

Des que fixo isto, botouse ao camiño e o  
mesquiño non se confesou; o demo fóiselle  
amosar moi pronto máis branco que un armiño  
para enganalo mellor.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*

## V

Tomou o aspecto de Santiago e dixo: «Ainda  
que estou descontento de ti, tráioche a  
salvaçon do que fuches errar, para que non  
caias no lago do inferno, sen dubidar.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*

## VI

Pero antes farás isto que che digo se tes gana  
de ser meu amigo: corta o que traes contigo  
que te foi botar en poder do inimigo e vai-te  
degolar.»

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*

## VII

O romeiro que sen dúbida pensaba que  
Santiago aquilo lle mandaba, cortaba o que lle  
mandou; e des que o cortou, logo entón se  
degolaba, pensando ben obrar.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*



**IX**

E u passavan ant' hũa capela  
de San Pedro, muit' aposta e bela,  
San James de Conpostela  
dela foi travar,  
dizend' : «Ai, falss' alcavela,  
non podedes levar...

**X**

...a alma do meu romeiro que fillastes,  
ca por razon de mi o enganastes;  
gran traiçon y penssastes,  
e, se Deus m' anpar,  
pois falssament' a gãastes,  
non vos pode durar.»

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

**XIII**

Log' ante Santa María vëeron  
e rezõaron quanto mais poderon.  
Dela tal joiz' ouveron:  
que fosse tornar  
a alma onde a trouxeron,  
por se depois salvar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

**XIV**

Este joyzo logo foi cumprido,  
e o romeiro morto foi resorgido,  
de que foi pois Deus servido;  
mas nunca cobrar  
pod' o de que foi falido,  
con que fora pecar.

*Non é gran cousa se sabe / bon joyzo dar  
a Madre do que o mundo / tod' á de joigar.*

**IX**

E cando [os demos] pasaban ante unha capela  
de San Pedro, moi aposta e bela, Santiago de  
Compostela fóillela interceptar [a alma], dicindo:  
«Ai, cobrador falso, non podedes levar...

**X**

...a alma do meu romeiro que agarrastes, pois  
o enganastes por causa miña; gran traizón  
pensastes e, se Deus me amparar, non vos pode  
durar, pois falsamente a gañastes.»

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*

**XIII**

Entón ante Santa María viñeron e razoaron canto  
máis puideron. Dela este xuízo tiveron: que  
tornase a alma ao lugar de onde a trouxeron,  
para despois salvarse.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*

**XIV**

Este xuízo logo foi cumprido, e o romeiro morto  
foi resucitado, co que Deus foi servido; mais  
nunca puido recobrar aquilo que lle faltou con  
que pecara.

*Non é gran cousa que saiba xulgar ben a Madre  
do que ha de xulgar a todo o mundo.*





# CSM 103

## CANTIGA LOCALIZADA NO MOSTEIRO DA ARMENTEIRA

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá*

*Como Santa María feze estar o monge trezentos anos ao canto da passariña, porque lle pedía que lle mostrase qual era o ben que avian os que eran en Paraiso.*

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**I** E daquest' un gran miragre / vos quer' eu ora contar,  
que fezo Santa María / por un monge, que rogar  
ll' ia sempre que lle mostrase / qual ben en Parais' á,

**II** e que o viss' en ssa vida / ante que fosse morrer.  
E porend' a Groriosa / vedes que lle foi fazer:  
fez-lo entrar en hũa orta / en que muitas vezes ja

**III** entrara; mais aquel día / fez que hũa font' achou  
mui crara e mui frefosa / e cab' ela s' assentou.  
E pois lavou mui ben sas mãos / diss' : "Ai, Virgen, que será

**IV** se verei do Parayso, / o que ch' eu muito pidi,  
algun pouco de seu viço / ante que saya daqui,  
e que sábia do quen ben obra / que galardon averá?"

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**V** Tan toste que acabada / ouv' o mong' a oraçon,  
oyu hũa passarinna / cantar log' en tan bon son,  
que sse escaeceu seendo / e catando sempr' alá,

**VI** atan gran sabor avia / daquel cant' e daquel lais,  
que grandes trezentos anos / esteve assi, ou mays,  
cuidando que non estevera / senon pouco com' está

Tradución ao galego actual

*Como Santa María fixo estar un monxe trescentos anos escoitando o canto dun paxariño, porque lle pedira que lle mostrase como era o ben que tiñan os que estaban no Paraiso.*

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*

**I** E deste gran milagre vos quero eu agora contar,  
que fixo Santa María por un monxe, que sempre  
lle ía rogar que lle mostrase que ben hai no  
Paraiso...


**II** ...e que llo deixase ver en vida antes de morrer.  
E por iso a Gloriosa veredes o que lle foi facer:  
fixoo entrar nunha horta na que moitas veces xa...

**III** ...entrara; mais aquel día fixo que atopase unha  
fonte moi clara e moi frefosa e sentou onda  
ela. E despois de lavar moi ben as mans dixo:  
"Ai, Virxe, ¿que pasará?..."

**IV** ...¿verei o Paraiso, o que moito che pedín, un  
pouco dos seus praceres antes de que saia  
de aquí, e saberei que galardón recibirá o que  
obra ben?"

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*

**V** Tan pronto como acabou o monxe de facer a  
súa oración, oíu un paxariño cantar con tan boa  
melodía, que se esqueceu [de todo] sentando e  
mirando sempre para alá...



CSM 103  
*Quena Virgen ben servirá...* [9:06]  
Recitado: Antón Santamarina, Universidade de Santiago de Compostela

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. I, 148v) | S. XIII



Esta e como santa maria fez estar ao monge tresen-  
tos anos ao canto da passariña. por quelli ydia que  
li mostrasse qual em o ten que auian os que eran  
en parayso. . . . .

**E**vena uirgen ten seruiria  
a Parayso yra .av. . .

**E**daquest un gran miragre uo qreu ora contar.  
que fezo santa maria por un monge que rogar-  
ua sempre que lle mostrasse qñ ten en parayso a.  
**Q**uena uirgen ten seruiria . a parayso yra . . .

**E**que o uist en sta vida ante que fosse morrer  
por end a gloriosa uexes que lle foi fazer . . .  
fez lo entrar en húa orta en que muitas uexes ia.  
**Q**uena uirgen ten seruiria . a parayso yra .av.

**VII**

mong' algũa vez no ano, / quando sai ao vergeu.  
Des i foi-ss' a passaryn(n)a, / de que foi a el mui greu;  
e diz: «Eu daqui ir-me quero, / ca oy mais comer querrá».

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**IX**

Des i entrou na eigreja, / e ouveron gran pavor  
os monges quando o viron, / e demandou-ll' o prior,  
dizend' : «Amigo, vos quen sodes / ou que buscades acá?»

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**X**

Diss' el: «Busco meu abade, / que agor' aqui leixey,  
e o prior e os frades, / de que mi agora quitey  
quando fui a aquela orta; / u seen quen mio dirá?»

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**XI**

Quand' est' oyu o abade / teve-o por de mal sen,  
e outrossi o convento; / mais des que souberon ben  
de como fora este feyto, / disseron: «Quen oyrá

**XII**

Nunca tan gran maravilla / como Deus por este fez  
polo rogo da ssa Madre, / Virgen Santa de gran prez!  
E por aquesto a loemos; / mais quena non loará

**XIII**

Mais d' outra cousa que seja? / Ca, par Deus, gran dereit' é,  
pois quanto nos lle pedimos / nos dá seu Fill' , a la ffe,  
por ela, e aqui nos mostra / o que nos despois dará.»

*Quena Virgen ben servirá a Parayso irá.*

**VI**

Tanto gozaba daquel canto e daquel lais, que  
estivo así ao longo de trescentos anos, ou máis,  
pensando que non estivera máis que un pouco,  
como está...

**VII**

...o monxe algunha vez no ano, cando sae ao  
xardín. Entón foise o paxariño, do que lle pesou  
moito, e dixo: «Eu quero irme de aquí, que hoxe  
tamén comer quererá [o convento]».

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*

**IX**

Entón entrou na igrexa, e tiveron os monxes  
moito medo cando o viron, e preguntoulle o  
prior, dicindo: «Amigo, ¿vos quen sodes ou que  
buscades acá?»

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*

**X**

Dixo el: «Busco o meu abade, que agora deixei  
aquí, e o prior e os frades, de quen me separei  
agora cando fun a aquela horta; ¿quen me dirá  
onde se encontran?»

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*

**XI**

Cando isto oíu o abade, tívoo por tolo, e o  
mesmo [os frades do] o convento pero desde  
que souberon ben como fora este feito,  
dixeron: «¿quen oirá...»

**XII**

...nunca tan gran marabilla como Deus fixo por  
este polas súplicas da súa Madre, Virxe Santa de  
gran valor! E por isto loémola; mais ¿quen non  
a loará...

**XIII**

...máis ca a ningunha outra cousa? Pois, por  
Deus, é moi xusto, pois canto nós lle pedimos  
nos dá o seu Fillo, abofé, por ela, e aquí nos  
mostra o que despois nos dará.»

*Quen sirva ben á Virxe irá ao Paraiso.*



# CSM 184

## CANTIGA AMBIENTADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

### A Madre de Deus tant' á en ssi gran vertude

Esta é como Santa María livrou de morte iūu menynno que jazia no ventre da madre, a que deran hũa cuitelada pelo costado.

A Madre de Deus tant' á en ssi gran vertude, per que aos seus acorre e dá saude.

#### I

E de tal razon com' esta / un miragre mui fremoso vos direi que fez a Virgen, / Madre do Rei poderoso, en terra de Santiago, / en un lugar montannoso, [hu] hũa moller morava / que era prenn' ameude

#### II

de seu marido; mais ela, / polas ss[u]las pecadillas, quantos les nunca nacian, / assi fillos come fillas, todos lle morrian logo; / mais das s[u]las maravillas mostrou [y] Santa María, / que sobrelos seus recude.

A Madre de Deus tant' á en ssi gran vertude, per que aos seus acorre e dá saude.

#### III

Ela con pavor daquesto, / e de que era prennada encomendou aa Virgen, / a Madre de Deus onrrada, que ela que a guardasse / que non foss' acajõada, dizendo: «Dá-me meu fillo, / que ben a viver m' ajude.»

A Madre de Deus tant' á en ssi gran vertude, per que aos seus acorre e dá saude.

Tradución ao galego actual

Esta é de como Santa María librou de morte un meniño que xacia no ventre da nai, a quen deran unha coitelada polo costado.

A Madre de Deus ten en si gran virtude, porque aos seus socorre e dá saúde.

#### I

E dunha afirmación como esta contareivos un milagre moi fermoso que fixo a Virxe, Madre do Rei poderoso, en terra de Santiago, nun lugar montañoso, onde vivía unha muller que a miúdo estaba preñe...

#### II


...do seu marido; mais a ela, polos seus pecadiños, todos cantos lle nacían, tanto fillos coma fillas, todos lle morrían pronto; mais alí mostrou as súas maravillas Santa María, que aos seus protexe.

A Madre de Deus ten en si gran virtude, porque aos seus socorre e dá saúde.

#### III

Ela con pavor disto, e de que estaba preñada, encomendouse á Virxe, a Madre de Deus honrada, para que ela a protexese e que non tivese complicacións, dicindo: «Dáme o meu fillo, para que me axude a vivir ben.»

A Madre de Deus tanto ten en si de gran virtude, porque aos seus socorre e dá saúde.



CSM 184  
A madre de Deus... [8:53]  
Recitado: Xosé Luís Méndez Ferrín, escritor

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. I, 243r) | S. XIII ▶



**E**sta e como seia a grã un menyo qm en  
cometou a madre qnto qm no uente. e ma  
fayna a madre e sayu o moço pela ferida

**E** madre de deus tant a en si  
gran uertute. per que a os seus acorre e  
da saude. e de tal mzon com esta un mi  
mãre mui firmoso. uos dize que fez a  
uigen. madre de rei pteuoso. en terra de  
santiago en un logar montanoso. hũa  
moller moza que era preñna meude.

**E** madre de deus tant a en si gran uertute  
de seu marido maisela  
pelas suas peccadillas  
quãto ues nũca nacia  
assi fillos come fillas  
e uos ue morian logo  
mais das suas mirauilla  
mostrou y seã maria.  
que sobre los seõ uertute.  
A madre de deus tant a

**E**la con pavor da questo  
o te que era preñna  
encometou a a uigen  
a madre de deus orada  
que ela qã guardasse  
que nõ fosse acuidada  
dizendo dame meu fillo  
que ten a uiver mauate

**E** madre de deus tant a  
la a questo fazendo.  
o temo chẽo tenuera  
aguisou q seu marido  
ouue con ouno pelexa  
e deuill hũa ferida  
pelos peitos ta sobeia  
que morreu en assi fize  
quen nõ a qno escude.

**E** madre de deus tant a  
la que uui o marido.  
que chagauãõ morte  
foisse deitar de suso  
e deuill enõ ta forte  
ferida pelo costado.  
q morreu tal foi a sorte  
mais o fillo pela chaga  
sayu que mest egrude

**E** madre de deus tant a  
uia pera sã chaga.  
quena face ue ficara  
quello cuitelo fezera  
que a sã madre matara  
mais quisõ seã maria  
aqueõ encomendara  
a madre q nõ morresse  
ne fosse en atãude.

**E** madre de deus tant a  
nte quisõ q uuesse  
e crecess e se criasse.  
e sempre connoresse  
a uigen e a loasse  
e o sinal parecisse  
da chaga p q prouasse  
este feito que sempre  
omen sã loã estude.

## IV

Ela a queste fazendo, / o demo chẽo de enveja  
aguisou que seu marido / ouve con outros peleja,  
e deron-ll' hũa ferida / pelos peitos tan sobeia  
que morreu, ca assi faze / quen non á queno [e]scude.

*A Madre de Deus tant' á en ssi gran uertude,  
per que aos seus acorre e dá saude.*

## V

Ela que viu o marido / [a] que chagavan de morte,  
foi-sse-lle deitar de suso; / e deron-ll' enton tan forte  
ferida pelo costado / que morreu, tal foi sa sorte.  
Mai-lo fillo pela chaga / sayu, [que] mester engrude

## VI

avia pera sa chaga / que na face lle ficara  
que ll' o cuitelo fezera / que sa madre matara.  
Mais quisõ Santa Maria, / a que o [en comendara  
sa madre, que non morresse / nen foss' el en [a]taude.

*A Madre de Deus tant' á en ssi gran uertude,  
per que aos seus acorre e dá saude.*

## VII

Ante quisõ que vivesse / e crecess' e sse criasse,  
e sempre reconnoresse / a Virgen e a loasse,  
e o sinal parecisse / da chaga, per que provasse  
este feito [e] que sempre / om' en ssa loor [e]stude.

*A Madre de Deus tant' á en ssi gran uertude,  
per que aos seus acorre e dá saude.*

## IV

Ao facer ela isto, o demo cheo de envexa fixo  
que o seu marido tivese pelexa con outros, e  
fixéronlle unha ferida no peito tan grande que  
morreu, que así lle ocorre a quen non ten quen  
o protexa.

*A Madre de Deus ten en si gran uertude, porque  
aos seus socorre e dá saude.*

## V

Ela, cando viu o marido a quen ferían de morte,  
foíselle botar encima; e enton fixéronlle unha  
ferida tan forte polo costado que morreu, tal  
foi a súa sorte. Pero pola chaga saíu o fillo, que  
necesitaba engrudo...

## VI

...para a chaga que lle quedara na face ao  
facerlla o coitelo que matara a súa nai. Mais  
quisõ Santa María, a quen o encomendara súa  
nai, que non morrese nin fose en atãude.

*A Madre de Deus ten en si gran uertude, porque  
aos seus socorre e dá saude.*

## VII

Antes quisõ que vivise, medrase e se criase, e  
sempre recoñecese a Virxe e a loase, e tivese  
o sinal da chaga para que probase este feito e  
que sempre nos esforcemos na súa loanza.

*A Madre de Deus tanto ten en si de gran  
uertude, porque aos seus socorre e dá saude.*



# CSM 304

## CANTIGA QUE ACONTECE EN SANTA MARÍA DE RIBELA

*Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu  
por lume*

*Esta é como Santa Maria de Ribela non quer que arça  
outr' oyo ant' o seu altar senon d' olivas que seja ben  
claro e muit' esmerado.*

*Aquela en que Deus carne / prendeu e nos deu por lume,  
das cousas limpias se paga / sempre, tal é seu costume.*

**I**  
E desto mostrou miragre / a Virgen Santa Maria  
grand' en hũa ssa eigreja, / e demostra cada día,  
en un' aldea que nome / á Ribela, u soya  
aver ben d' antigüidade / un mōesteir' a costume

**II**  
d' ordin de San Bêeito. / E ora chus da eigreja  
non ficou, que é da Virgen / que sempre bēeita seja,  
en que á ben cinc' altares, / u gran vertude sobeja  
mostra Deus no que é dela: / Ca non pod' y arder lume

**III**  
d' outr' oyo senon d' olivas / mui linpi' e muit' esmerado;  
ca macar ard' ant' os outros / de linaça, sol pensado  
non é que ant' o da Virgen / arça; e est' é provado  
muitas vezes eno ano, / e áno ja por costume.

*Aquela en que Deus carne / prendeu e nos deu por  
lume, das cousas limpias se paga / sempre, tal é seu  
costume.*

Tradución ao galego actual

*Esta é de como Santa María de Ribela non  
quere que arda outro aceite ante o seu altar  
máis ca de oliva, e que sexa ben claro e moi  
esmerado.*

*A aquela en quen Deus se fixo carne e a quen  
nos deu por luz, gústanlle sempre as cousas  
limpas, así é o seu costume.*

**I**  
E sobre isto a Virxe Santa María mostrou un  
milagre grande nunha igrexa súa, e demóstrao  
cada día, nunha aldea que ten por nome Ribela,  
onde adoitaba ter dende moi antigo mosteiro o  
costume...

**II**  
...da orde de San Bieito. E agora non ficou máis  
ca a igrexa, que é da Virxe que sempre bendita  
sexa, onde hai polo menos cinco altares, polo  
que moi gran poder mostra Deus no que é dela:  
pois non pode alí arder luz...

**III**  
...doutro aceite máis ca de oliva moi limpo e  
moi esmerado; pois aínda que arde ante os  
outros de liñaza, nin se pensa que arda ante o  
da Virxe; e isto demóstrase moitas veces no  
ano, e téñeno xa por costume.

*Aquela en quen Deus carne / se fixo e a quen  
nos deu por luz...*

**IV**  
Ca o provan ameude / cavaleiros, lavradores,  
clerigos, monges e frades / descalços, preegadores;  
ca pero y acenderon / outros oyo ardedores,  
atan taste se matavan, / que sol non deitavan lume.

*Aquela en que Deus carne / prendeu e nos deu por  
lume, das cousas limpias se paga / sempre, tal é seu  
costume.*

**V**  
E porend' os dessa terra / non ousan seer ousados  
d' outr' oyo ali que[i]maren, / ca saen por denodados  
ende cada que o provan, / e por esto son tornados  
a queimar oyo d' oliva / nas lampadas por costume.

*Aquela en que Deus carne / prendeu e nos deu por  
lume, das cousas limpias se paga / sempre, tal é seu  
costume.*

**IV**  
Que o proban a miúdo cabaleiros, labradores,  
clérigos, monxes e frades descalzos, rezadores;  
pois cando alí acenderon outros aceites  
ardedores, apagábanse tan pronto, que nin  
sequera facían luz.

*Aquela en quen Deus carne se fixo e a quen nos  
deu por luz...*

**V**  
E por iso os desa terra non ousan ser ousados  
de queimaren alí outro aceite pois quedan por  
atrevidos cada vez que o proban, e por iso  
volven queimar aceite de oliva nas lámpadas  
por costume.

*Aquela en quen Deus carne se fixo e a quen nos  
deu por luz...*



AUDIO

CSM 304

*Aquela en que Deus carne...* [6:04]

Recitado: Henrique Monteagudo, Universidade de Santiago de Compostela



# CSM 352

## CANTIGA LOCALIZADA EN SANTA MARÍA DO VISO

### *Fremosos miragres mostra a Madre da fremosura*

*Esta é como Santa María del Viso guariu ùu açor dun cavaleiro. Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**I** Dest' un fremoso miragre / vos direi se m' ascuitardes, que fezo Santa María; / e se y mentes parardes, por mui grande o teredes / quant' en ele mais cuidardes, e veredes com' a Virgen / á poder sobre natura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**II** Aquest' a un cavaleiro / conteceu que vassal' era dun fi de rey, e por ele / fazia jostiça fera, e que ùu açor mui bõo / hũa vegada lle dera que fora dun cavaleiro / natural d' Estremadura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**III** Est' açor fillava garças / e ãades e betouros e outras prijoës muitas; / e nen crischãos nen mouros atal açor non avian, / e davan de seus tesouros muito por el que llo dêsse. / Mas non avia en cura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

Tradución ao galego actual

*Esta é de como Santa María do Viso protexeu un azor dun cavaleiro.*

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura, que ten a virtude do moi gran Deus sen mesura.*

**I** Disto un fermoso milagre vos direi, se me escoitades, que fixo Santa María; e se nel vos fixades, canto máis nel pensedes, por moi grande o teredes, e veredes como a Virxe ten poder sobrenatural.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura...*

**II** Isto aconteceulle a un cavaleiro, que era vasalo dun fillo de rei, e por el facía xustiza fera, e que unha vez lle dera un azor moi bo que fora dun cavaleiro natural de Estremadura.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura...*

**III** Este azor cazaba garzas e patos e abetouros e outras moitas capturas; e nin cristiáns nin mouros tiñan tal azor, e ofrecían moito dos seus tesouros para que llelo dese. Pero non tiña intención de tal.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura... Deus sen mesura.*

**V** E el con el cada día / mui' a ssa caça andava e quantas aves podía / fillar, con ele fillava; pero foron ben dous anos / que o açor non mudava, e o cavaleiro avia / desto pesar e tristura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**VI** E meteu muitos ñeiros / en lle fazer meeziás, que nulla ren non valveron; / pois no tenpo quand' as viás vendimian, foi-sse con ele / aa Sennor das Reynnas a ssa eigreja do Viso, / que jaz en hũa altura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**IX** E foi-sse logo con ela / quanto pod' aa eigreja da Virgen Santa María / que é bẽita e seja, que ll' amostrou essa noite / mui gran mercee sobeja, ca tornou o açor são / e a el tolleu loucura.

*Fremosos miragres mostra / a Madre da fremosura e grandes, ca á vertude / do mui gran Deus sen mesura.*

**V** E andaba moito de caza con el cada día e cantas aves podía coller, con el as collía; pero pasaron ben dous anos que o azor non mudaba [as plumas] e o cavaleiro tiña por isto gran pesar e tristura.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura...*

**VI** E meteu moito ñeiro en facerlle medicinas, que de nada lle valeron; así pois no tempo en que as viñas se vendiman, foise con el á Señora das Raiñas á súa igrexa do Viso, que xace nunha altura.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura...*

**IX** E foise pronto con ela en canto puido á igrexa da Virxe Santa María que bendita sexa, quen lle amosou esa noite unha gran mercé inmensa, porque fixo sandar o azor e a el librouno da loucura.

*Fremosos e grandes milagres mostra a Madre da fremosura...*



AUDIO

CSM 352

*Fremosos miragres mostra...* [12:18]

Recitado: Valeria Bertolucci, Universidade de Pisa [Italia]

Xesús González Gómez, crítico literario



## CSM 104

CANTIGA QUE ACONTECE EN  
CALDAS DE REIS*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer*

Como Santa María fez aa moller que qeria fazer  
amadoiras a seu amigo con el corpo de Jhesu Cristo  
e que o tragia na touca, que lle correse sangue da  
cabeza ata que o tirou ende.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

I

E o que o fazer coida, / creed' aquesto por mi,  
que a quel escarno todo / a de tornar sobre sí.  
E daquest' un gran miragre, / vos direi que, eu oí  
que fezo Santa María; / oyde-mio a lezer:

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

II

Aquesto foi en Galiza, / non á y mui gran sazón,  
que hũa ssa barragãa / ouve un escudeiron;  
e por quanto s' el casara, / tan gran pesar ouv' entón,  
que con gran coita ouvera / o siso end' a perder.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

III

E con gran pesar que ouve / foi seu consello buscar  
enas outras sas vezias, / e atal llo foron dar:  
que sol que ela podesse / hũa ostia furtar  
das da igrexa, que logo / o podería aver.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

Tradución ao galego actual

Como Santa María fixo que a unha muller, que  
quería facer amadoiras ao seu amigo co corpo  
de Xesucristo que levaba agachado na touca, lle  
correse sangue da cabeza ata que o sacou de alí.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto pesar  
como quen fai burla ao seu Fillo Deus.*

I

A quen pensa facelo, crede o que vos digo,  
aquele escarnio todo háselo de volver contra si.  
E disto contareivos un gran milagre, que eu oín  
que fixo Santa María; escoitádemoa a pracer:

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
pesar...*

II

Isto foi en Galiza, non hai moito tempo, que  
unha barragá tivo un escudeirón; e cando  
el casou tivo tan gran pesar, que con gran  
sufrimento houbera perder o siso por isto.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
pesar...*

III

E con tanta pena que tiña foi buscar consello  
con outras súas veciñas e tal llo foron dar:  
que só con que ela puidese roubar unha hostia das  
da igrexa, que logo o podería ter.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
pesar...*



CSM 104  
*Nunca ja pod' aa Virgen...* [8:46]  
Recitado: Pilar Pallarés García, escritora

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. I, 150r) | S. XIII



**E**sta e como santa maria fez aa moller que quera faz  
 amarois a seu amigo con el corpo de ihu xpo. 7 que o  
 magra na touca. quelle correte sangui da calca am que  
 o viron entre.

**N**unca ia pod a auirgen ome tal pesar fa  
 zer. como quen ao seu fillo deus cuida escarnecer.

**E**o que o fazer cuida axed a questo por mi.  
 que aquel escarno toto a de tornar sobre si.  
 7 daquest un gran miragre uos duri que en oy  
 que fezo santa maria oytemio a lezer. av.

**N**unca ia pod aa uirgen ome tal pesar fazer.  
 A questo foi en galiza non a y mui gran lason  
 que hua sta baragaa ouue un Escuteyron. o  
 7 por quantos el casara tan gran pesar ouuenton  
 que con conta ouueta o sito end a perder. av.

**N**unca ia pod aa uirgen ome tal pesar fazer  
 como quen ao seu fillo deus cuida escarnecer  
 con gran pesar que ouue foi seu consello buscar  
 enas outras sas uezys 7 atal lo foron dar. 7  
 que foi que ela Poderse hua ostia furtar. 7  
 dis da igreia que logo o Poderia auer. av.

**N**unca ia pod a auirgen ome tal pesar fazer  
 como quen a o seu fillo deus cuida escarnecer.

## V

E o crerigo sen arte / de a comungar coidou;  
 mai-la ostia na boca / a questa moller guardou,  
 que per nehũa maneira / nona trociu nen passou,  
 e punnou quanto mais pode / de sse dali log' erger.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
 como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

## VIII

E entrant' a hũa vila / que dizen Caldas de Rey,  
 ond' a questa moller era, / per com' end' eu apes ey,  
 avêo en mui gran cousa / que vos ora contarey;  
 ca lle viron pelas toucas / sangue vermello correr.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
 como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

## XII

A moller se tornou logo / á eigreja outra vez,  
 e deitou-ss' ant' o omagen / e disse: «Sennor de prez,  
 non cates a meu pecado / que mi o demo fazer fez.»  
 E log' a un mōesteiro / se tornou monja meter.

*Nunca ja pod' aa Virgen / ome tal pesar fazer,  
 como quen ao seu fillo, / Deus coida escarnecer.*

## V

E o clérigo sen malicia pensou que comungaba;  
 pero esta muller gardou na boca a hostia, que  
 de ningunha maneira non a rompeu nin [a]  
 tragou, e fixo canto puido por marchar pronto  
 de alí.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
 pesar...*

## VIII

E entrando nunha vila que lle chaman Caldas  
 de Reis, de onde era esta muller, polas noticias  
 que eu teño, sucedeu unha gran cousa que  
 agora vos contarei; que lle viron correr sangue  
 vermello polas toucas.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
 pesar...*

## XII

A muller volveuse logo á igrexa outra vez,  
 e prostrouse ante a imaxe e dixo: «Señora de gran  
 valor, non mires o meu pecado, que o demo  
 me fixo facer.» E despois foise meter monxa a  
 un mosteiro.

*Nunca pode ninguén causar á Virxe tanto  
 pesar...*



# CSM 175

## MILAGRE DE PEREGRINAXE A SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Por dereito ten a Virgen, a Sennor de lealdade*

*Como Santa María livrou de morte ùu mancebo que enforcaron a mui gran torto, e queimaron un herege que llo fezera fazer.*

*Por dereito ten a Virgen, / a Sennor de lealdade, que sobr' el se torn' o dano / de quen jura falssidade.*

**I**

Desto direi un miragre / de gran maravill' estranna que mostrou Santa María / por un romeu d' Alemana que a Santiago ya, / que éste padron d' Espanna, e per Rocamador vëo / a Tolosa a cidade.

*Por dereito ten a Virgen, / a Sennor de lealdade, que sobr' el se torn' o dano / de quen jura falssidade.*

**III**

E pois entrou en Tolosa, / foi logo fillar pousada en casa dun grand' erege, / non sabend' end' ele nada; mas quando o viu a gente, / foi ende maravillada e disseron ao fillo: / «Dest' albergue vos quitade.»

*Por dereito ten a Virgen, / a Sennor de lealdade, que sobr' el se torn' o dano / de quen jura falssidade.*

Tradución ao galego actual

*Como Santa María librou da morte un mancebo que aforcaron moi inxustamente, e queimaron un herexe que llo fixera facer.*

*Xusto considera a Virxe, a Señora da lealdade, que o dano se torne sobre aquel que xura falsidade.*

**I**

Disto contarei un milagre de gran marabilla estraña que mostrou Santa María por un romeiro de Alemaña que ía a Santiago, que é patrón de España, e por Rocamador veu á cidade de Tolosa.

*Xusto considera a Virxe, a Señora da lealdade...*

**III**

E cando entrou en Tolosa, foi logo buscar pousada na casa dun grande herexe, sen saber el nada diso; pero cando o viu a xente, quedou diso maravillada e dixéronlle ao seu fillo: «Deste albergue marchade.»

*Xusto considera a Virxe, a Señora da lealdade...*



CSM 175

*Por dereito ten a Virgen...* [7:40]

Recitado: Mercedes Brea, Universidade de Santiago de Compostela

Jesús Rodríguez Velasco, Universidade de Yale [USA]

Aviva Doron, Universidade de Haifa [Israel]

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. I, 233v) | S. XIII







**IV**

O erege, que muit' era / chèo de mal e d' engano  
e que muitas falssidades / fazia sempre cad' ano,  
porque aquel ome bõ / non sse fosse del sen dano,  
fillou un vaso de prata / alá en ssa poridade

**V**

e meté-o eno saco / do fillo; e pois foi ydo,  
foi tan toste depos eles, / metendo grand' apelido  
que lle levavan seu vaso / de prata nov' e bronido;  
e poi-los ouv' acaçados / disse-lles: «Estad', estade!»

*Por dereito ten a Virgen, / a Sennor de lealdade, que  
sobr' el se torn' o dano / de quen jura falssidade.*

**IV**

O herexe, que estaba moi cheo de mal e de  
engano e que moitas falsidades facía sempre  
cada ano, para que aquel home bo non  
marchase de onda el sen dano, colleu un vaso  
de prata alá do que tiña escondido...

**V**

...e metello no saco do fillo; e des que  
marchou, foi deseguida atrás deles, facendo  
grande escándalo con que lle levaran o seu  
vaso de prata, novo e brunido, e cando os deu  
alanzado díxolles: «¡Parade, parade!»

*Xusto considera a Virxe, a Señora da lealdade...*



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME) | S. XIII









**V**  
Enton a ssa azcua lle lançou  
e feriu-o, pero nono chagou;  
ca el a Santa Maria chamou:  
«Sennor, val-me como vales os teus,

**VI**  
e non moira, ca non merci mal.»  
Eles, pois viron o miragr' atal  
que fez a Reynna esperital,  
creveron ben, ca ant' eran encreus.

*Mui gran poder á a Madre de Deus  
de deffender e ampara-los seus.*

**VII**  
E fillaron-sse log' a repentir  
e ao lavrador perdon pedir,  
e deron-ll' algu'; e el punnou de ss' ir  
a Rocamador con outros romeus.

*Mui gran poder á a Madre de Deus  
de deffender e ampara-los seus.*

**V**  
Entón lanzoulle o seu venabre e golpeouno,  
pero non o feriu; porque el a Santa María  
chamou: «Señora, váleme como lles vales aos  
teus...

**VI**  
...e que non morra, que non merecín mal. Eles,  
cando viron un milagre tal que fixo a Raíña  
espiritual, creron ben, que antes non eran  
crentes.

*Moi gran poder ten a Madre de Deus...*

**VII**  
E pronto se arrepentiron e empezaron a pedirlle  
perdón ao labrador, e recompensárono; e el  
fixo promesa de ir a Rocamador con outros  
romeiros.

*Moi gran poder ten a Madre de Deus...*



# CSM 317

## CANTIGA LOCALIZADA EN SANTA MARÍA DO MONTE (TRIACASTELA)

*Mal ss' á end' achar quen quiser desonrrar Santa María*

*Como Santa María se vingou do escudeiro que deu couce na porta da ssa igreja.*

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### I

Como s' achou, non á y mui gran sazon, en Galiza un escudeiraz peon que quis mui felon brita-la igreja con felonía.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### II

Santa María a hermda nom' á do Monte, porque en logar alt' está; e foron alá de gentes enton mui gran romaría.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### IV

O escudeyro que vos dixे chegou e viu hũa moça, de que sse pagou, que forçar cuidou; mais ela per ren non llo consentía.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### V

E travando dela cuidou-a forçar; mais proug' a Deus [e] nono pod' acabar, ca foi-ll' escapar e fogind' á igreja sse collya.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

Tradución ao galego actual

*Como Santa María se vingou do escudeiro que deu un couce na porta da súa igrexa.*

*Mal por iso se ha de achar quen quixer deshonrar a Santa María.*

### I

Como se achou, non hai moito tempo, en Galiza un escudeiro peón que quixo, o moi felón, violar a igrexa con felonía.

*Mal por iso se ha de achar...*

### II

A ermida ten por nome Santa María do Monte, porque está en lugar alto; e entón foron alá moi gran romaría de xentes.

*Mal por iso se ha de achar...*

### IV

O escudeiro de quen vos falei chegou e viu unha moza que lle gustou, e pensou forzala, mais ela de ningunha maneira llo consentía.

*Mal por iso se ha de achar...*

### V

E pensouna forzar pegándolle; mais prougo a Deus que non o puido acabar, que lle escapou e fuxindo acolleuse á igrexa.

*Mal por iso se ha de achar...*

### VIII

O escudeiro, tanto que viu fugir a moça, leixou-sse depos ela ir dizendo: «Guarir non me podes, rapariga sandia.»

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### IX

E quando as portas sarradas achou, per poucas que de sanna sandeu tornou, e logo jurou que a couces toda-las britaría.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### X

E com' era atrevudo e sandeu, quis acabar aquilo que prometeu, e o pe ergeu e ena porta gran couce dar ya.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### XIII

En tal guisa, que pois nunca disse ren ergo «ai, Santa María». E des en tolleit' e sen sen viveu gran temp' e per portas pidia.

*Mal ss' á end' achar / quen quiser desonrrar Santa María.*

### VIII

O escudeiro, en canto viu fuxir a moza, foi atrás dela dicindo: «non me podes escapar, rapariga tola.»

*Mal por iso se ha de achar...*

### IX

E cando achou as portas cerradas, por pouco toleou coa saña, e pronto xurou que as rompería a couces.

*Mal por iso se ha de achar quen quixer Mal por iso se ha de achar...*

### X

E como era atrevudo e tolo, quixo acabar aquilo que prometeu, e ergueu o pé e deu xa na porta un gran couce...

*Mal por iso se ha de achar...*

### XIII

[e perdeu a fala] de tal maneira, que nunca dixese nada máis ca «ai, Santa María». E amais disto tolleito e sen siso viviu moito tempo e polas portas pedía.

*Mal por iso se ha de achar...*



AUDIO

CSM 317

*Mal ss' á end' achar...* [9:24]

Recitado: Basilio Losada, Universidade de Barcelona



# CSM 94

CANTIGA QUE ACONTECE NO  
CONVENTO DE SANTA CLARA  
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

*De vergonna nos guardar punna todavia*

*Esta é como Santa María serviu en lugar da  
monja que sse foi do mōesteiro.*

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen María.*

I

E guarda-nos de falir  
e ar quer-nos encobrir  
quando en erro caemos;  
des i faz-nos repentir  
e a emenda viir  
dos pecados que fazemos.  
Dest' un miragre mostrar  
en ũ' abadia  
quis a Reynna sen par,  
santa, que nos guía.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen María.*

II

Hũa dona ouv' ali  
que, per quant' eu aprendi,  
era menynna fremosa;  
demais sabia assi  
têr sa orden, que ni-  
hũa atan aguçosa  
era d' i aproveytar  
quanto mais podia;  
e poren lle foran dar  
a tesoureria.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen María.*

Tradución ao galego actual

*Esta é de como Santa María serviu en lugar da  
monxa que se foi do mosteiro.*

*A Virxe María quérenos salvar da vergoña por  
todos os medios, e de dubidar e de errar.*

I


E sálvanos de tentacións e aínda nos quere  
encubrir cando en erro caemos; ademais fainos  
arrepentir e seguir emenda dos pecados que  
facemos. Disto quixo mostrar un milagre nunha  
abadía a Raíña sen par, Santa, que nos guía.

*A Virxe María quérenos salvar...*

II

Unha dona houbo alí que, polo que eu souben,  
era meniña fermosa; ademais sabía así cumprir  
coa súa orde, que ningunha tan xeitosa era en  
sacar todo o proveito que podía; e por iso lle  
asignaran a tesouraría.

*A Virxe María quérenos salvar...*



CSM 94  
Ave, maris Stella... [13:03]  
Recitado: Xohana Torres (f), poeta

Afonso X, *Cantigas de Santa María*  
(Códice Rico, RBME, tít. I, 136v) | S. XIII



**E**sta é como santa maria  
seruiu en logar da monia .i.  
que lle foi to mōesteiro .av.

**D**e uergonna  
nos guardar punna to  
da uia .i. de falir .i. ter  
rar .a uirgen maria .2.  
**G**uarda nos de falir .  
e ar quer nos encobrir .i.  
quãto en erro caemos .desi  
faz nos repenir .i. a emēda  
uir .dos peccos q̄ fazemoz .  
dest un miragre mostrar .en

**h**uabada .quis a reyna  
sen par .santa q̄ nos gua.  
**D**e uergonna nos guarar  
in dona ouu ali .i.  
que per quant eu apnda  
era sen ynna firmosa  
de mais sabia assi .  
tōer sã orden que m .i.  
hũa atan aguosa .av.  
Era d̄y aproueitar .i.  
quanto mais podia .m  
e por en lle foran dar  
a desouyera .av.  
**D**e uergonna nos guarar  
punna toda uia .av.  
Milo demo que prazer  
non ouu en fezlle q̄rr  
tal ten a un caualeyro  
que lle non daua lezer  
tro en q̄ li fez fazer  
que sayu to mōesteiro  
mas ant' ela foi leixar  
chaves que tragia .i.  
na cinta ant' o altar  
da en que criya .av.  
**D**e uergonna nos  
guardar punna todauu  
i madre de deus enton .  
Diss' ela en sã rason  
leiro uos est' enconta  
e auos de oracon .i.  
macomed e fuisse non  
por ten fazer sã fazea  
con aquel q̄ murr' amar  
mais ca sã sabia .av.

## III

Mai-lo demo, que prazer  
non ouv' en, fez-lle querer  
tal ben a un cavaleiro,  
que lle non dava lezer,  
tra en que a foi fazer  
que sayu do mōesteiro;  
mais ant' ela foi leixar  
chaves, que tragia  
na cinta, ant' o altar  
da en que criya.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen Maria.*

## V

E o cavaleyro fez,  
poi-la levou dessa vez,  
en ela fillos e fillas;  
mais la Virgen de bon prez,  
que nunca amou sandez,  
e mostrou y maravillas,  
que a vida estrannar  
lle fez que fazia,  
por en sa claustra tornar,  
u ante vivia.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen Maria.*

## VII

Mais pois que ss' arrepeniu  
a monja e se partiu  
do cavaleiro mui cedo,  
nunca comeu nen dormyu,  
tro o mōesteyro viu.  
E entrou en el a medo  
e fillou-ss' a preguntar  
os que connocia  
do estado do logar,  
que saber queria.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen Maria.*

## III

Mais o demo, que non viu aquilo con pracer,  
fixolle querer tanto a un cabaleiro, que non lle  
daba lecer ata que a fixo saír do mosteiro; mais  
antes ela foi deixar as chaves, que traía na cinta,  
ante o altar daquela en quen cría.

*A Virxe María quérenos salvar...*

## V

E o cavaleiro, cando a levou desa vez, fixo nela  
fillos e fillas; mais a Virxe de gran mérito, que  
nunca amou loucura, mostrou alí marabillas,  
pois fixolle estrañar a vida que facía, para tornar  
ao claustro, onde antes vivía.

*A Virxe María quérenos salvar...*

## VII

Mais despois de que a monxa se arrepeniu e se  
separou do cavaleiro moi pronto, non comeu nin  
durmiu ata que viu o mosteiro. E entrou nel con  
medo e púxose a preguntar aos que coñecía  
polo estado do lugar, que o quería saber.

*A Virxe María quérenos salvar...*



## VIII

Disseron-ll' enton sen al:  
«Abadess' avemos tal  
e priol' e tesoureira,  
cada hũa delas val  
muito, e de ben, sen mal,  
nos fazen de gran maneira.»  
Quand' est' oyu, a sinar  
logo se prendia,  
porque ss' assi nomear  
con elas oya.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen Maria.*

## IX

E ela, con gran pavor  
tremendo e sen coor,  
foisse pera a eigreja;  
mais la Madre do Sennor  
lle mostrou tan grand' amor,  
– e poren bẽeita seja –  
que as chaves foi achar  
u postas avia,  
e seus panos foi fillar  
que ante vestia.

*De vergonna nos guardar punna todavia e de  
falir e d' errar a Virgen Maria.*

## XI

O convent' o por mui gran  
maravilla tev', a pran,  
pois que a cousa provada  
viron, dizendo que tan  
fremosa, par San Johan  
nunca lles fora contada;  
e fillaron-ss' a cantar  
con grand' alegria:  
«Salve-te, Strela do Mar,  
Deus, lume do dia.»

## VIII

Dixéronlle entón sen máis: «Temos tan boa  
abadesa e prioresa e tesoureira, que cada unha  
delas vale moito, e fannos moito ben, sen mal,  
de gran maneira.» Cando isto oíu, púxose logo a  
persignarse, porque se oía nomear entre elas así.

*A Virxe María quérenos salvar...*

## IX

E ela, tremendo con gran pavor e sen cor, foise  
para a igrexa; mais a Madre do Señor mostroulle  
tan grande amor –e por iso bendita sexa– que  
as chaves foi achar onde as puxera, e foi buscar  
a roupa que antes vestira.

*A Virxe María quérenos salvar...*

## XI

O convento tívo por moi gran marabilla, de  
certo, posto que viron a cousa probada, dicindo  
que tan fermosa, por San Xoán, nunca lles fora  
contada; e puxéronse a cantar con grande  
alegría: «Sálvete, Estrela do Mar, Deus, luz do día.»

*A Virxe María quérenos salvar...*





# AFONSO X, A SOCIEDADE MEDIEVAL E A VIDA COTIÁ

O HUMANO E O DIVINO NAS  
*CANTIGAS DE SANTA MARÍA*



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 35v) | S. XIII

## AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA: GALEGUIDADE, PLURICULTURALIDADE E INTERNACIONALIDADE

A orixinalidade das *Cantigas de Santa María* reside tanto na multiplicidade de temas que abordan como na confluencia de culturas e tradicións, da que son un bo exemplo os músicos cristiáns, árabes e xudeus a tocaren conxuntamente, tal como mostra o segundo códice escurialense. É ademais un reflexo literario e gráfico da sociedade medieval, dos seus protagonistas, dos seus avatares, doenzas e oficios e dos diferentes estamentos sociais, desde a realeza ata o pobo máis humilde. Os protagonistas deste corpus literario son o culto mariano, o monarca, a sociedade medieval e a lingua galega. Á composición literaria de vertente litúrxica e haxiográfica únese a tradición literaria románica medieval, así como a música monódica. Todo isto ilustrado nunha serie de miniaturas que combinan diferentes tradicións gráficas, desde a románico-cristiá ata a árabe. Trátase dunha obra con vocación internacional polas relacións literarias e musicais das *Cantigas* con repertorios trobadorescos occitanos, franceses, galegos e cataláns, alén da tradición litúrxico-latina.

As cantigas marianas do rei Afonso, en canto recompilación de milagres, enlazan con coleccións semellantes de Europa, onde a devoción á Virxe propiciou desde o século XI compilacións de milagres en latín e nas distintas linguas do medio cristián, co obxectivo da exaltación da figura da Virxe e o seu papel de intermediaria entre Deus e os homes.



## OS MILAGRES DA VIRXE

É o tema por excelencia do repertorio mariano afonsino. A través deles entramos na intimidade, nos problemas, no día a día do mundo medieval. Asistimos aos conflitos nobiliarios, ás guerras, ao interior dos conventos e das tabernas, ao conflito entre mouros, xudeus e cristiáns, ás doenzas, de tal modo que é na acción ficcional onde aparecen os problemas urxentes do mundo e das mulleres e os homes da Idade Media.

O modelo literario de Afonso X son *Les Miracles de Nostre Dame*, de Gautier de Coinci (1177-1236). En máis dunha ocasión Afonso refírese á obra do seu predecesor francés.

É necesario destacar o gran número de milagres que acontecen en Galicia, o que dá conta tanto do enraizamento do culto mariano neste lugar como das relacións e intereses de Afonso X no Reino de Galicia.

## O ELEMENTO COTIÁN E POPULAR

A representación da vida cotiá medieval no *Códice Rico* das *Cantigas de Santa María* transpórtanos —ao mesmo tempo— tanto ao universo medieval europeo como ao ámbito tradicional e popular galego. A relación entre o mundo cotián e o sagrado supón unha innovación na súa época e unha dignificación dos elementos e individuos populares, no marco devocional medieval.

Nestas miniaturas represéntase un mundo medieval que se conecta co ámbito popular e tradicional galego, tal como nos mostran algunhas miniaturas (hórreo, lareira, labores do campo e do mar, oficios tradicionais...).



Don Affonso de Castela,  
de Toledo, de León  
Rey e ben des Conpostela  
ta o reyno d' Aragon,

De Cordova, de Jahen,  
de Sevilla outrossi  
e de Murça, u gran ben  
lle fez Deus, com' aprendi,

Do Algarve, que gâou  
de mouros e nossa ffe  
meteu y, e ar pobrou  
Badallouz, que reyno é

Muit' antigu' , e que tolleu  
a mouros Nevl' e Xerez,  
Beger, Medina prendeu  
e Alcala d' outra vez,

E que dos Romãos Rey  
é per dereit' e Sennor,  
este livro, com' achei,  
fez a onrr' e a loor

Da Virgen Santa Maria,  
que éste Madre de Deus,  
en que ele muito fia.  
Poren dos miragres seus

Fezo cantares e sões,  
saborosos de cantar,  
todos de sennas razões,  
com' y podedes achar.

Prólogo A das *Cantigas de Santa María*

## O MONARCA

### AUTOBIOGRAFÍA DO REI SABIO NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Afonso X autorrepresentábase evocando episodios da súa vida e da da súa familia, xunto con doenzas e pretendidas curacións milagrosas debidas á intervención da Virxe (cantigas 209, 221, 279 e 367). Nas cantigas 200 e 300 temos a evocación do monarca, que se sente desamparado e desvalido.





### O CONFLITO DO REI SABIO CON SANTIAGO DE COMPOSTELA

O poder taumatúrxico que se lle atribúe ao santuario de Villalcázar de Sirga, en Palencia, así como a publicidade doutros santuarios e a atribución á Virxe de milagres que tradicionalmente se lle asignan ao apóstolo Santiago, supoñen unha antipropaganda da peregrinación á capital galega. O motivo principal é o contencioso que o monarca tiña co cabido compostelán por cuestións económicas e polo privilexio do emperador Carlomagno que o cabido esgrimía sobre a exención da cidade de pagar impostos ao rei. O monarca non dubida en terxiversar a haxiografía en beneficio da súa política.

Á morte de Xoán Arias (1266), o cabido compostelán estaba dividido en favor de dous candidatos: un bando postulábase a prol do favorito de Afonso X, Fernando Afonso, e o outro bando apoiaba o arcediago Bernaldo, sen que ningún deles fose confirmado polo papa. Afonso X aproveitou o litixio para impoñer a súa autoridade sobre o señorío da cidade. No ano 1273 o papa decidiu nomear arcebispo de Santiago a Gonzalo Gómez, pero o monarca humillou o bispo e enfrontou a burguesía compostelá co bispado, a consecuencia do cal o Rei Sabio recibiu unha

amoestación por parte do papa Nicolao III no ano 1278. Afonso X desafiou o papado despoñando o bispo dos seus privilexios e posesións, e nomeou administrador da diocese o abade de Valladolid. Cando Sancho IV, fillo do Rei Sabio, destituíu o seu pai, devolveulle á Igrexa as súas posesións e revogou a política en favor dos burgueses e contra a Igrexa que Afonso X promulgara. O conflito tiña a súa orixe na lenda carolinxia de Carlomagno segundo a cal o emperador franco visitara Santiago de Compostela e lle outorgara privilexios á cidade en detrimento do poder da monarquía castelán-leonesa. O Rei Sabio esforzouse en defender a inexistencia de tal peregrinaxe apoiándose nas afirmacións de Rodrigo Ximénez de Rada no capítulo 623 da Estoria de España. Parece que Afonso X e a súa política desposuíron o Reino de Galicia dos seus dereitos e, de resultas disto, Galicia entrou nun período de declive. Parece tamén que a propaganda mariana das Cantigas de Santa María do monarca desviou a peregrinaxe de Santiago cara a outros lugares de culto, o que carreeu consecuencias graves tanto económicas como políticas para o territorio galego (Monteagudo 1993).



## DOENZAS MEDIEVAIS E ENFERMIDADES DE AFONSO X E DA SÚA FAMILIA NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

CSM 256

*Como Santa Maria guareceu a Reia Dona Beatriz de grand'enfermidade, porque aorou a sa omage con grand'esperança.*

Dona Beatriz, que estaba en Cuenca acompañada do seu fillo Afonso, enfermou gravemente, tiña febre e estaba preñe. Mandou traer unha imaxe da Virxe e curou.

CSM 209

*Como el Rey Don Affonso de Castela adoeceu en Bitoria e ow' hũa door tan grande que coidaron que morresse ende, e poseron-lle de suso o libro das Cantigas de Santa Maria, e foi guarido.*

Afonso enfermou en Vitoria. Mandou que lle trouxesen o libro das *Cantigas de Santa María* e curou.

CSM 279

*Como el Rei pidu mercee a Santa Maria que o guarecesse dũa grand'enfermidade que avia; e ela, como Sennor poderosa, guarecé-o.*

O rei, que padecía unha grave doenza, foi curado mediante o poder máxico do libro das *Cantigas de Santa María*.

CSM 367

*[C]omo Santa Maria do Porto guareceu a[l] Rey Don Affonso dũa grand' enfermidade de que lle ynachavan as pernas tan muito que lle non podiam caber enas calças.*

Mentres o rei viaxaba por mar, as dúas pernas incháronlle tanto que non puido poñer as botas. Alén diso, a pel agretóuselle e saíu un líquido amarelo; non obstante, foi directamente a Santa María do Porto. Cando os sacerdotes cantaron as matinas, o inchazo desapareceu e el recuperouse desa doenza.

CSM 54

*Esta é como Santa Maria guaryu con seu leite o monge doente que cuidavan que era morto.*

Unha afección cheirenta da cara curada polo leite da Virxe.

CSM 91

*Como Santa Maria deceu do ceo en hũa egreja ante todos e guareceu quantos enfermos y jazian que ardian do fogo de San Marçal.*

O temible ergotismo ou «fogo de san Marcial» ou de santo Antonio: doenza infecciosa debida á inxestión de pan de centeo en mal estado.

CSM 278

*Como hũa bõa dona de França, que era cega, vëo a Vila-Sirga e teve y vigia, e foi logo guarida e cobrou seu lume. E ela yndo-se pera sa terra, achou un cego que ya en romaria a Santiago, e ela consellou-lle que fosse per Vila-Sirga e guareceria.*

Curación dunha muller cega.

CSM 77

*Esta é como Santa Maria sãou na sa ygreja en Lugo hũa moller contreita dos pees e das mãos.*

Curación dunha muller contrafeita en Lugo.

### A LEPRO (GAFEIRA)

A lepra ou «gafeira» interpretábase como un pecado de luxuria e considerábase que o seu padecemento provocaba apetito sexual.

CSM 15

*Esta é como Santa María defendeu a cidade de Cesaira do Emperador Juyão.*

Á emperatriz Beatriz de Roma «a Virxe [...] deulle unha herba de tal virtude que con ela puidese curar todos os leprosos (gafos)».

CSM 93

*Como Santa María guareceu un fillo dun burges que era gafo.*

A máxica curación da lepra mediante o leite da Virxe.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 5r) | S. XIII

*... que los apartasen de todo el pueblo, e que les fiziesen fazer vestidos bien anchos, de guisa que non ouissen ningun enbargo para vestir los nin al despoiarlos, e que traxieren las cabeças descubiertas por que los conocieren, e las bocas cubiertas con los vestidos, por que cuando fablasen nin fiziessen [...] damno a los quien se llegasse a ellos con el fedor de su respiramiento malo.*

Afonso X, *General e grand estoria*



Virxe do Leite | S. XIV  
Mosteiro de Santa María de Oseira (Ourense)





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 73r) | S. XIII

## A PEREGRINAXE

Na primeira das *Siete Partidas* de Afonso X o Sabio (de 1256 a 1265) atopamos o sentido da peregrinación e a súa vinculación cos lugares sagrados.

Tan importante é o lugar como a viaxe á busca dunha realidade transcendente e catártica emulando a figura dos apóstolos e de Cristo, en continua itinerancia procurando a predicación.

*Pelegrino tanto quiere dezir  
como ome estraño, que va  
a visitar el Sepulcro Santo  
de Hierusalem e los otros  
Santos Logares en que  
nuestro Señor Jesu Christo  
nasció, bivió e tomó muerte  
e pasión por los pecadores;  
o que andan pelegrinaje a  
Santiago o a Sant Salvador  
de Oviedo o a otros logares  
de luenga e estraña tierra.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida I  
(lei 1, tít. XXIV)



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 136v) | S. XIII

## A MULLER E O UNIVERSO MARIANO MEDIEVAL

### CSM 7

*Esta é como Santa María livrou a abadessa preñe,  
que adormecera ant' o altar chorando.*

Abadesa que queda preñe dun home de Boloña e é denunciada polas monxas da súa orde ante o bispo.

### CSM 55

*Esta é como Santa María serviu pola monja que se fora do mōesteiro e lli criou o fillo que fezera alá andando.*

Monxa que fuxiu do convento cun abade e viviu con el durante un tempo en Lisboa. O abade deixouna preñada, pero a monxa volveu ao mosteiro para descubrir, sorprendida, que ninguén a botara de menos, pois a Virxe ocupara o seu lugar.

### CSM 58

*Como Santa María desviou a monja que se non fosse con un cavaleiro con que posera de ss' ir.*

A Virxe convence unha monxa para que non se vaia co cavaleiro co que se propuña marchar e non abandone así a súa vida no convento.

### CSM 59

*Como o crucifisso deu a palmada aa onrra de sa Madre aa monja de Fontebrar que posera de ss' ir con seu entendedor.*

O pranto da Virxe santa María e un dos cravos de Cristo impediron que unha monxa abandonase o convento para se reunir co seu namorado.

### CSM 94

*Esta é como Santa María serviu en logar da monja que sse foi do mōesteiro.*


Monxa tesoureira que abandonou o convento para vivir co seu amante e encomendou as súas obrigas á Virxe, que as cumpriu na súa ausencia.

### CSM 285

*Como Santa María fez aa monja que non quis por ela leixar de ss' ir con o cavaleiro que sse tornass' a súa ordin, e ao cavaleiro fez outrossí que fillasse religion.*

Monxa que fuxiu do convento para vivir co seu namorado, pero que regresou un tempo despois para servir a Deus.



Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. I, 242r) | S. XIII

## O MAR E AFONSO X

CSM 183

*Esta é dun miragre que mostrou Santa Maria en Faaron quando era de mouros.*

*Desto direi un miragre / que fezo en Faaron a Virgen Santa Maria / en tempo d' Aben Mafon, que o reino do Algarve / tií' aquela sazón a guisa d' om' esforçado, / quer en guerra, quer en paz.*

*Pesar á Santa Maria / de quen por desonrra faz... En aquel castel' avia / omagen, com' apres' ei, da Virgen mui groriosa, / feita como vos direi de pedra ben fegurada, / e, com' eu de cert' achei, na riba do mar estava / escontra ele de faz.*

## O CAMPO

*Como el Rey deve guardar su tierra... que se non yermen las villas, nin los otros logares... E otrosí, que los arboles, ni las viñas, ni las otras cosas, de que los omes biven, ni los corten, ni los quemén, ni los derrayguen, ni los dañen de otra manera, ni aun por enemistad.*

Afonso X, *Siete Partidas*, Partida II (lei 3, tít. XI)

CSM 22

*Esta é como Santa María guardou a un lavrador que non morresse das feridas que lle dava un cavaleiro e seus omees.*

Paio Gómez Chariño (I14, 6, vv. 1-5)

Texto orixinal

De quantas cousas eno mundo son,  
non veio eu ben qual pod' en semellar  
al rey de Castella e de León  
se [non] ua qual vos direi: o mar.  
O mar semella muit' aqeste rei.

Tradución ao galego

De todas as cousas que existen no mundo,  
non vexo eu cal pode semellar  
ao rei de Castela e de León  
non sendo unha que vos direi: o mar.  
O mar semella moito a este rei.



Paio Gómez Chariño  
De quantas cousas... [0:28]  
Recitado: Bieito Arias Freixedo,  
Universidade de Vigo

## EROTISMO, MAXIA E OBSCENIDADE

Afonso X dedica esta cantiga de escarnio ao deán de Cádiz, ao que lle atribúe a consecución de favores sexuais utilizando libros máxicos.

## A MAXIA NEGRA

CSM 104

*Como Santa Maria fez aa moller que qeria fazer amadoiras a seu amigo con el corpo de Jhesu Cristo e que o tragía na touca, que lle correse sangui da cabeza ata que o tirou ende.*

Muller que quería facer maxia negra cunha sagrada forma consagrada para recuperar o seu amante.

Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. I, 150r) | S. XIII

### A maxia erótica do deán de Cádiz

*Ao daián de Cález eu achei  
livros que lle levavan d'aloguer;  
e o que os tragía preguntei  
por eles, e respondeu-m'el: «Senher,  
con estes libros que vós veedes dous  
e conos outros que el ten dos sous,  
fod'el per eles quanto foder quer.*

*E aínda vos end'eu máis direi:  
macar no leito muitas el tever,  
por quanto eu de sa fazenda sei,  
con os libros que ten, non ha molher  
a que non faça que semelhen grous  
os corvos, e as aguias babous,  
per forza de foder, se x'el quiser.*

*Ca non ha máis, na arte do foder,  
do que enos libros que el ten jaz;  
e el ha tal sabor de os leer,  
que nunca noite nen día al faz;  
e sabe d'arte do foder tan ben,  
que cõnos seus libros d'artes, que el ten,  
fod'el as mouras cada que lhi praz.*

*E máis vos contarei de seu saber,  
que cõnos libros que el ten i faz:  
manda-os ante si todos trager,  
e pois que fode per eles assaz,  
se molher acha que o demo ten,  
assí a fode per arte e per sên,  
que saca dela o demo malvaz.*

*E, con tod'esto, aínda faz al  
conos libros que ten, per bõa fe:  
se acha molher que haja o mal  
deste fogo que de San Marçal é,  
assí a vai per foder encantar  
que, fodendo, lhi faz ben semellar  
que é geada ou nev'e non al».*





Afonso X, *Cantigas de Santa María* (Códice Rico, RBME, tít. 1, 38v) | S. XIII

*Oyemos decir que en algunos lugares los judios ficieron et facen el dia del Viernes Santo remembranza de la pasión de nuestro señor Jesucristo en manera de escarnio, furtando los niños et poniéndolos en la cruz, haciendo imágenes de cera et crucificándolas quando los niños non pueden haber.*

«Lenda negra» dos xudeus

## ÁRABES E XUDEUS

Se nos atemos ás épocas posteriores á monarquía afonsina, a actitude do rei con mouros (denominación afonsina) e xudeus foi tolerante, sobre todo no referente á súa vida cotiá e costumes. Afondando no aspecto intelectual, comprobamos unha clara influencia de elementos árabo-aristotélicos no seu discurso xurídico. A lexislación sobre árabes e xudeus atangue só ás relacións destes cos cristiáns, mais nas *Partidas* lexisla contra os xudeus. Se ao principio do seu reinado ten unha actitude permisiva —seguramente estratéxica por motivos económicos, científicos e culturais—, ao longo del esta actitude vaise endurecendo, xa sexa por razóns de ideoloxía relixiosa ou polo enfrontamento cos benimeríns, ou cos musulmáns do Levante e de Andalucía.

### CSM 205


*Como Santa Maria quis guardar hũa moura que tũa seu fillo en braços u siia en hũa torre ontre duas amêas, e caeu a torre, e non morreu nen seu fillo, nen lles enpeceu ren, e esto foi per oraçon dos creschãos.*

A Virxe salva unha moura e o seu fillo.

### CSM 89

*Esta é como hũa judea estava de parto en coita de morte, e chamou Santa Maria e logo a aquela ora foi libre.*

A Virxe salva unha xudía que ía de parto.




Miscelánea de imaxes das *Cantigas de Santa María*

## MISCELÁNEA DE TEMAS TRATADOS NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

O PARAÍSO: ADÁN E EVA  
 ARQUITECTURA: DO ROMÁNICO AO GÓTICO  
 A GUERRA E O ASEDIO  
 A CABALARÍA REAL  
 OS MOUROS  
 OS XUDEUS  
 HEREXÍA E CATARISMO  
 O DIAÑO  
 O DIAÑO, ENFADADO PORQUE O PINTAN FEO  
 OS PEREGRINOS  
 A NATUREZA  
 AS MONXAS  
 OS MONXES  
 A COMIDA  
 O HÓRREO  
 A PESCA  
 OS LABORES DO CAMPO  
 A CORTE DOS ANIMAIS  
 A FAMILIA


A TABERNA  
 A TABERNA E O XOGO DE DADOS  
 PINTOR DE IGREXAS  
 COCIÑA E LAREIRA  
 PASTOR DE OVELLAS E COMERCIO  
 TOSQUIANDO UNHA OVELLA  
 LOBO A ASEXAR O RABAÑO  
 VIOLENCIA  
 VIOLENCIA: APEDRAMENTO  
 VIOLENCIA: DEGOLACIÓN  
 VIOLENCIA: GOLPE DE LANZA  
 VIOLENCIA: CADÁVER E ANIMAIS SALVAXES  
 VIOLENCIA: PELEXA E MORTE  
 INCENDIO  
 CONSTRUCCIÓN  
 XOGO CON PELOTA  
 DE MOITO BEBER VIÑO...  
 LOUCURA  
 MORTE





# GALICIA E O PATRIMONIO MEDIEVAL AFONSINO

PEREGRINAXE CULTURAL



Afonso X, Tombo A | S. XII-XIII  
Catedral de Santiago (A Coruña)

Presentación dun amplo abano de elementos patrimoniais (pezas de museo, iconografía relixiosa, edificios e documentación) relacionados cronoloxicamente con Afonso X e localizados en todo o territorio galego.



## A CORUÑA

### Santiago de Compostela

Catedral  
 Convento das Mercedarias Descalzas  
 Convento de San Paio de Antealtares  
 Convento de Santa Clara  
 Museo das Peregrinacións e de Santiago  
 Igrexa de Santa María Salomé

### Toques

Igrexa de Santo Antoniño

### Betanzos

Museo das Mariñas

### A Pobra do Caramiñal

Templo de Santiago

Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Sobrado)  
 Mosteiro de San Xoán de Caaveiro (A Capela)  
 Castelo de Nogueirosa (Pontedeume)  
 Mosteiro de Santa María (Monfero)  
 Mosteiro de San Cibrán de Bribes (Cambre)  
 Castelo de Vimianzo (Vimianzo)

## PONTEVEDRA

### Pontevedra

Museo de Pontevedra


### A Franqueira

Mosteiro de Santa María

### Tui

Museo Diocesano  
 Catedral de Santa María

Castelo de Soutomaior (Soutomaior)  
 Castelo de Sobroso (Mondariz)  
 Mosteiro de San Paio de Albeos (Crecente)  
 Mosteiro de Santa María (Oia)  
 Castelo de Monterreal (Baiona)  
 Mosteiro de Santa María da Armenteira (Meis)  
 Mosteiro de San Pedro de Ansemil (Silleda)  
